

I.E.S. AGRA DO ORZÁN

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA (cursos LOMCE)

CURSO 2022-2023

ÍNDICE

I.- PROPOSTA DIDÁCTICA.....	3
1.- Introducción e contextualización.....	3
1.1.- Elaboración da programación didáctica.....	3
1.2.- Aspiracións desta programación.....	3
1.3.- Condicionantes.....	3
1.4.- Contextualización do Centro.....	3
2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	4
2.1.- Xeografía e Historia de ESO.....	4
2.2.- Historia de España de 2º de BAC.....	5
3.- Metodoloxía.....	6
3.1.- Principios xerais.....	6
3.2.- Materiais e recursos didácticos.....	7
a.- Os libros de texto.....	7
b.- Outros materiais.....	7
4.- Avaliación.....	7
4.1.- Consideración xerais.....	7
a.- Avaliación inicial.....	8
b.- Avaliación continua.....	8
4.2.- Instrumentos de avaliación: as probas obxectivas.....	8
a.- Modelo de proba obxectiva para os distintos cursos.....	8
b.- Criterios xerais de cualificación de exames.....	9
4.3.- Outros instrumentos de avaliación.....	10
4.4.- Procedemento de cualificación.....	10
a.- Cualificacións parciais.....	10
b.- Cualificacións finais.....	10
5.- Alumnos con materias pendentes.....	11
6.- Actividades complementarias e extraescolares.....	12
7.- Contribución ao proxecto lector.....	12
8.- Contribución á integración das tecnoloxías da información e comunicación.....	12
9.- Medidas de atención á diversidade.....	13
10.- Contidos transversais.....	14
11.- Información ao alumnado, pais ou representantes legais.....	15
12.- Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	15
13.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	18
II.- PROGRAMACIÓN DE AULA.....	19
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....	19
1.- 2º ESO - XEOGRAFÍA E HISTORIA.....	19
Unidade 1.- A fragmentación do mundo antigo.....	19
Unidade 2.- Al-Ándalus.....	21
Unidade 3.- A Europa feudal.....	23
Unidade 4.- A orixe dos primeiros reinos peninsulares (séculos VIII-XIII).....	26
Unidade 5.- A cultura e a arte do Románico.....	28
Unidade 6.- As cidades da Europa medieval.....	30
Unidade 7.- Os grandes reinos peninsulares. Séculos XIII-XV.....	32
Unidade 8.- A cultura e a arte do Gótico.....	35
Unidade 9.- O escenario físico das actividades humanas.....	37
Unidade 10.- Os habitantes do planeta.....	39

Unidade 11.- A poboación española.....	41
Unidade 12.- As sociedades humanas e os fenómenos migratorios.....	43
Unidade 13.- As cidades e os procesos de urbanización.....	45
Unidade 14.- Natureza e sociedade: harmonías, crises e impactos.....	48
3.- Estándares de aprendizaxe, criterios de cualificación, instrumentos de avaliación e elementos transversais en 2º ESO.....	51
4.- Temporalización prevista.....	59
2.- 4º ESO - XEOGRAFÍA E HISTORIA.....	60
1.- Obxectivos da materia.....	60
2.- Programación das unidades didácticas de 4º ESO.....	62
Unidade 1.- O Século XVIII: A crise do Antigo Réxime.....	63
Unidade 2.- A época das Revolucións Liberais (1789-1871).....	64
Unidade 3.- A orixe da industrialización.....	65
Unidade 4.- A España do século XIX: a construción do réxime liberal.....	66
Unidade 5.- Industrialización e cambio social na España do século XIX.....	68
Unidade 6.- A época do Imperialismo.....	69
Unidade 7.- A Primeira Guerra Mundial e a Revolución Rusa.....	70
Unidade 8.- O período de entreguerras.....	71
Unidade 9.- España no primeiro terzo do século XX (1902-1939).....	73
Unidade 10.- A Segunda Guerra Mundial.....	74
Unidade 11.- Un mundo dividido: Guerra Fría e descolonización.....	75
Unidade 12.- Capitalismo e comunismo: dous sistemas enfrontados.....	76
Unidade 13.- España: a ditadura franquista (1939-1975).....	78
Unidade 14.- Transición e democracia en España.....	79
Unidade 15.- O mundo actual.....	80
4.- Estándares de aprendizaxe, criterios de cualificación, instrumentos de avaliación e elementos transversais en 4º ESO.....	82
5.- Temporalización prevista.....	90
3.- Bacharelato.....	91
2º BAC - HISTORIA DE ESPAÑA.....	91
Introdución.....	91
1.- Obxectivos xerais do BAC e competencias clave en relación coa Historia de España de 2º BAC.....	91
2.- Programación das unidades didácticas.....	92
Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e carga horaria.....	92
Unidade 0.- A Historia. métodos e ferramentas propias.....	92
Unidade 1.- Hispania e Gallaecia na antigüidade [desde as orixes ata o século VIII].....	93
Unidade 2.- Al-Ándalus e os reinos cristiáns medievais [séculos VIII - XV].....	94
Unidade 3.- Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica. Auxe e decadencia do imperio español [séculos XVI - XVII].....	96
Unidade 4.- A Monarquía borbónica no Antigo Réxime [século XVIII].....	98
Unidade 5.- Inicios e consolidación do réxime liberal [1788-1874].....	99
Unidade 6.- As transformacións socioeconómicas na España liberal.....	101
Unidade 7.- Estado e nación na Restauración borbónica [1874-1931].....	103
Unidade 8.- Segunda República e Guerra Civil [1931-1939].....	104
Unidade 9.- España no franquismo [1939-1975].....	105
Unidade 10.- España en democracia [1975-2015].....	107
3.- Temporalización prevista.....	109
4.- Metodoloxía didáctica.....	110
5.- Criterios de avaliación:.....	111
5.1.- Criterios xerais.....	111
5.2.- Procedementos e instrumentos de avaliación.....	111
6.- Contidos mínimos.....	112

I.- PROPOSTA DIDÁCTICA.

1.- Introducción e contextualización.

1.1.- Elaboración da programación didáctica.

A programación didáctica do Departamento de Xeografía e Historia do I.E.S. "Agra do Orzán" expón, para o presente curso académico, os presupostos didácticos e metodolóxicos, resultado dos acordos alcanzados polos membros do Departamento en reunións celebradas ao efecto. Integran o Departamento os seguintes profesores:

- D. Enrique Carmona Filgueira.
- D. María del Mar Fernández Corral.
- D. Pablo González López.
- D. Eduardo Monroy González (xefe do departamento).

Esta programación, así como as actividades complementarias previstas ao longo do curso, desenvolverán a súa temporalización segundo o calendario de avaliacións establecido para o presente curso.

1.2.- Aspiracións desta programación.

Consideramos a programación como un plan de traballo elaborado por todos os membros do Departamento, que vincula a todos sen prexuízo da lóxica iniciativa particular.

Considerámola como algo dinámico que, polo tanto, debe ser modificada segundo os resultados da súa aplicación, que se recollerán na pertinente memoria de final de curso.

Pretendemos:

- Enfocar o noso labor educativo en funcións dos obxectivos e competencias proxectados.
- Evitar, na medida do posible, as diferenzas entre o profesorado á hora de impartir e avaliar as distintas materias.
- Establecer un marco común que sirva de guía no proceso educativo e o suficientemente flexible para que se poida adaptar ás peculiaridades de cada clase e á evolución das circunstancias.
- Dinamizar a colaboración e intercambio de ideas entre os diversos profesores.

1.3.- Condicionantes.

a.- Os programas.

Os programas están establecidos na lexislación e foron e son moi criticados por ser excesivamente densos. A súa extensión dificulta o desenvolvemento completo dos mesmos, dados os inevitables atrasos que se van producindo ao longo do curso derivados das múltiples circunstancias que inciden na práctica docente: peculiaridades e carencias do alumnado, participación en actividades complementarias, diversos imprevistos... A experiencia demostra que a acumulación de demoras obriga a seleccionar e sintetizar os contidos programados e a priorizar aqueles que consideramos fundamentais para continuar o proceso de aprendizaxe do alumnado.

No presente curso 2022/2023 o marco lexislativo de referencia para os cursos 2º ESO, 4º ESO E 2º BAC segue sendo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

b.- O desenvolvemento evolutivo dos alumnos nos diferentes niveis.

A programación debe atender á diversidade e, polo mesmo, adaptarse aos distintos procesos de desenvolvemento psicolóxico e de capacidade de aprendizaxe do alumnado. Para iso a psicoloxía proporciona os elementos necesarios para detectar que coñecementos pode asimilar o alumno en cada momento do seu desenvolvemento cognitivo, así como as técnicas que se deben aplicar en cada caso. As diferenzas, neste senso, entre os alumnos dos distintos cursos (e mesmo dentro dun mesmo nivel) son apreciables.

1.4.- Contextualización do Centro.

O IES Agra do Orzán é un centro educativo de titularidade pública no que se imparten ensinanzas de ESO, Bacharelato, o Ciclo Superior de Acondicionamento Físico e o Ciclo Superior de Ensinanza e Animación Sociodeportiva.

O Centro está situado nun barrio periférico da cidade, o máis densamente poboado, cun gran aporte de emigrantes de diversa procedencia, que teñen o seu reflexo na composición do noso alumnado. Dos 558 alumnos matriculados nas datas en que se elaborou esta programación, 70 naceron fóra de España e 54 teñen outra nacionalidade; no Instituto conviven polo menos vinte nacionalidades diferentes.

O alumnado, excepción feita dos emigrantes recentemente incorporados ao noso sistema educativo, procede case na súa totalidade dos colexios do barrio adscritos ao Centro: o CEIP Plurilingüe María Barbeito e Cerviño e o CEIP Raquel Camacho.

O Departamento de Xeografía e Historia imparte clase en todos os cursos de ESO e Bacharelato, coa seguinte distribución das materias e alumnos asignados:

Materia	A	B	C	total
Xeografía e Historia 1º ESO	28	31	33	92
Xeografía e Historia 2º ESO	33	32	33	98
Xeografía e Historia 3º ESO	30	26	25	81
Xeografía e Historia 4º ESO	31	32	28	91
Economía 4º ESO	-	15	-	15
Historia Contemporánea 1º BAC	-	18	-	13
Historia de España 2º BAC	27	15	-	42

En liñas xerais, as dificultades máis notables que debemos afrontar podemos sintetizalas así:

- Por un lado, os alumnos estranxeiros que chegan procedentes doutros sistemas educativos, con serias carencias de aprendizaxe e con moitas dificultades de adaptación, e que son escolarizados no nivel educativo correspondente á súa idade, con independencia do seu nivel académico e, en moitos casos, con problemas básicos no manexo da lingua.
- Por outro, a presenza, en case todos os cursos, de alumnos de familias desestruturadas que reflicten no seu comportamento na aula a situación familiar, a cal se percibe con máis intensidade nos cursos baixos con alumnos de menor idade.
- A convivencia nos distintos grupos de cada nivel de alumnos con actitudes, intereses, motivacións e niveis de aprendizaxe moi dispares, o cal obriga a atender a súa diversidade e provoca con frecuencia situacións disruptivas que ralentizan significativamente o desenvolvemento da programación didáctica.

2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

2.1.- Xeografía e Historia de ESO.

1.- Competencia en comunicación lingüística:

- Interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.
- Saber expresar axeitadamente as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial a descrición e a argumentación.
- Defender o punto de vista persoal con argumentos coherentes e pertinentes.
- Elaborar definicións dos conceptos estudados, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.
- Manexar de forma axeitada as regras ortográficas.

2.- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

- Interpretar escalas numéricas e gráficas.
- Analizar e comparar a información cuantitativa de táboas, listaxes, gráficos e mapas.
- Facer cálculos matemáticos sinxelos para calcular distancias e diferenzas horarias.
- Ser capaz de identificar as relacións que existen entre o medio físico, espazo da xeografía, e as ciencias da natureza: bioloxía, xeoloxía, etc.

3.- Competencia dixital:

- Obter información a través de fontes de distinta natureza: cartográficas, iconográficas, textuais, etc.
- Utilizar os buscadores para localizar información en Internet, seguindo un criterio específico.
- Analizar datos cuantitativos de táboas e gráficas.
- Utilizar o encerado dixital e acceder a aula virtual para conseguir os apuntes e traballos colgados.
- Ser capaz de remitir os exercicios solicitados e facelo cunha adecuada presentación.

4.- Aprender a aprender:

- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- Buscar explicacións multicausais para comprender un fenómeno e avaliar as súas consecuencias.
- Anticipar posibles escenarios ou consecuencias das accións individuais e sociais.
- Saber comunicar e expresar de forma efectiva os resultados do propio traballo.

5.- Competencias sociais e cívicas:

- Reflexionar de forma crítica sobre os feitos e problemas sociais e históricos.
- Expresar as propias opinións de forma razoada e fundada.
- escoitar activamente; saber poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista.
- Relacionarse, cooperar e traballar en equipo.
- Comprender os valores democráticos.
- Entender os comportamentos e as formas de vida en contextos históricos e/ou culturais distintos do propio.
- escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico.

6.- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- Comprender as actividades presentadas e planificar a estratexia máis axeitada para resolvelas.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente os propios puntos de vista.
- Tomar decisións e saber escoller a maneira de recuperar a información máis axeitada en cada caso.
- Facer un seguimento das aprendizaxes realizadas.

7.- Conciencia e expresións culturais:

- Desenvolver a sensibilidade para gozar con distintas expresións do patrimonio natural e cultural.
- Valorar a importancia do patrimonio para acceder ao coñecemento das sociedades do pasado.
- Interesarse por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico.
- Comprender a achega que as diferentes culturas fixeron á evolución da humanidade.

2.2.- Historia de España de 2º de BAC.

Precísanse primeiro os descritores ou obxectivos esenciais de cada unha das competencias nesta materia (■) e despois a forma de traballar a competencia, é dicir, as actuacións que concretan a adquisición da mesma por parte do alumnado (-).

1.- Competencia en comunicación lingüística:

- Expresarse correctamente de forma oral e escrita e formular opinións.
 - Utiliza argumentos axeitados, explica a importancia dos elementos xeográficos ou de procesos históricos.
- Comprender e interpretar textos e outros documentos.
- Identificar e clasificar as ideas esenciais e secundarias.
 - Contesta de forma axeitada a preguntas sobre os elementos dun mapa, sobre un texto histórico ou un gráfico.
 - Elabora resumos, esquemas ou mapas conceptuais coas ideas clave de cada tema.
- Adquirir e utilizar axeitadamente o vocabulario específico da materia.
- Producir textos.
 - Define correctamente os termos xeográficos e históricos propios da materia.
 - Relaciona con propiedade definicións e conceptos.
 - Relaciona unha imaxe cun concepto e explícao de forma axeitada.
 - Comprende e argumenta por escrito os documentos.
 - Redacta textos e informes sobre distintos temas.

2.- Competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía:

- Utilizar elementos e procesos matemáticos.
- Utilizar criterios de medición.
- Interpretar gráficos.
 - Extrae información relevante e conclusións precisas sobre un gráfico.
 - Elabora eixes cronolóxicos e sitúa con precisión os procesos e feitos históricos.
- Elaborar e interpretar mapas.
- Comprender o espazo.
- Localizar en mapas.
- Interpretar a linguaxe cartográfica.

- Coñece a distribución espacial de distintos procesos xeográficos e históricos.
- Obtén información relevante de mapas históricos seleccionados.

3.- Competencia dixital:

- Utilizar as TIC
 - Busca na internet información significativa para o tema traballado e organízaa correctamente.
 - Utiliza correctamente a aula virtual do Centro e realiza as tarefas propostas seguindo as instrucións.
 - Realiza presentacións sobre un tema histórico que apoiem unha exposición oral.

4.- Aprender a aprender:

- Obter e relacionar informacións.
- Buscar e interpretar imaxes.
 - Busca, selecciona e organiza información procedente de diferentes fontes escritas.
 - Deduce e explica procesos, elementos de causa e consecuencia.
 - Obtén información relevante de distintas fontes de información visuais (táboas, cadros, gráficos...).
- Construír novos contidos.
- Participar na aprendizaxe.
 - Completa cadros resumo con datos correctos a partir da lectura e análise de documentos históricos de variada natureza.
- Formular preguntas.
- Usar a prensa.
 - Deduce solucións a certos interrogantes sobre as causas e as consecuencias de determinados procesos xeográficos e históricos.
 - Utiliza artigos de diferentes medios e noticias de actualidade.

5.- Competencias sociais e cívicas:

- Expresar opinións.
- Comprender a realidade histórica.
- Practicar os valores democráticos.
 - Expresa as súas opinións mostrando respecto cara as opinións dos demais.
 - Coñece os feitos esenciais e a súa cronoloxía.
 - Relaciona os procesos históricos coas súas causas e consecuencias.
 - Comprende a relación entre conceptos e feitos históricos e a conxuntura na que se fraguaron.

6.- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:

- Ser creativo e emprendedor.
- Propoñer e planificar traballos individuais ou grupais.
 - Suscita en grupo distintas actividades para o repaso dun tema.
 - Organiza o traballo dentro dun grupo, escoitando e valorando as achegas dos demais.
 - Implicase nas tarefas programadas.

7.- Conciencia e expresións culturais.

- Valorar o patrimonio artístico.
- Analizar estilos e obras de arte.
 - Describe e interpreta correctamente manifestacións relevantes da arte na península ibérica
 - Diferencia entre os distintos estilos artísticos estudados e identifica as principais achegas de cada un deles
 - Valora, aprecia e respecta as obras de arte como legado cultural común das sociedades precedentes

3.- Metodoloxía.

3.1.- Principios xerais.

Unha metodoloxía activa que estimule a participación do alumno no proceso de aprendizaxe é absolutamente necesaria. Que o alumno participe fai que poida demostrar o seu interese, que aprenda de modo máis duradeiro, e significativo, que desenvolva habilidades impensables nun suposto non-activo e que a súa estada na aula sexa máis grata.

Non se trata, porén, de caer nun activismo formalista, porque si, senón en función de sacar ao exterior as capacidades e coñecementos que todo alumno leva dentro de si. Para que iso sexa posible, a actividade dentro da aula ten que enlazar dunha forma precisa cos coñecementos previos dos alumnos e que o proceso sexa significativo, tanto lóxica como psicolóxicamente.

Neste contexto, desenvolveranse actividades de traballo persoal do alumno, tanto individuais como colectivas, supervisadas con posterioridade na clase mediante un proceso de posta en común e debate (no seu caso). Propiciarase a intervención do alumno na clase mediante preguntas breves por parte do profesor coa finalidade de manter a súa atención e a súa participación e á vez mellorar a súa capacidade de expresión oral e conseguir a súa integración.

Poranse en práctica actividades que potencien as capacidades de dedución do alumno: realización de mapas (históricos ou xeográficos) e de esquemas, elaboración de cadros comparativos, participación en debates, realización de comentarios... que estimulen ao alumno a pensar e lle permitan desenvolver un espírito crítico. En todas as materias usaranse as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para completar a aprendizaxe: utilización do ordenador e as páxinas web como fonte de información e manexo de internet.

3.2- Materiais e recursos didácticos.

En consonancia coa metodoloxía que se vai seguir, os materiais que se van utilizar son moi variados:

a.- Os libros de texto.

- 2º ESO: AA. VV.: *Xeografía e Historia 2*. Editorial Vicens Vives. 2016.
- 4º ESO: AA. VV.: *Xeografía e Historia 4*. Editorial Vicens Vives. 2016.
- 2º Bacharelato - Historia: AA. VV.: *Historia de España*. Baía Edicións, Consorcio Editorial Galego, 2016 .

b.- Outros materiais.

- Carpetas de actividades complementarias: documentos, gráficos, mapas temáticos, táboas estatísticas, eixes cronolóxicos, esquemas...
- Colección de mapas físicos e políticos, mudos e ilustrados.
- Coleccións de imaxes en soporte dixital para Xeografía e Historia da arte.
- Colección de DVD sobre Historia, Xeografía e Arte.
- Repertorios de textos e outros documentos das Ciencias Sociais.
- Diverso material informático en rede.
- Catalogo seleccionado de blogs de Historia, Xeografía e Historia da Arte.
- Encerado dixital.
- Libros 3D para todos os cursos de ESO.
- Aula virtual.

4.- Avaliación.

4.1.- Consideración xerais.

A avaliación enténdese como un proceso integral, en que se contemplan diversas dimensións ou vertentes: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos, análise do proceso de ensino e da práctica docente, e análise da propia programación do Departamento.

A avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos concíbese e practícase da seguinte maneira:

- Individualizada: céntrase na evolución particular de cada alumno, a partir dos resultados da avaliación inicial que se realizará na primeira semana do curso en cada grupo e nivel.
- Integradora, para o cal contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo, que son fundamentais pero non exclusivos.
- Orientadora, dado que achega ao alumno a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas. Asemade, proporciona ao alumno orientación académica e profesional.
- Continua, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases.

Contémplanse tres modalidades:

- Avaliación inicial. Proporciona datos sobre o punto de partida de cada alumno, aportando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada.
- Avaliación formativa. Concede importancia á evolución ao longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos de cada caso.
- Avaliación sumativa. Establece os resultados ao termo do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

a.- Avaliación inicial.

A prospección dos coñecementos dos alumnos para analizar a realidade sobre a que imos traballar é necesaria para todos os alumnos, e especialmente para os que se incorporan ao Centro por primeira vez.

- O Departamento elaborará unha proba de avaliación inicial para cada un dos niveis e materias, que será realizada e valorada polo profesorado que os imparte ao longo da primeira semana do curso. Coas oportunas adaptacións a cada nivel estas probas de avaliación comprenderán tarefas esenciais que permitan comprobar o grao de desenvolvemento das competencias básicas, con especial incidencia naquelas que funcionan como “propias” da materia de Xeografía e Historia: a competencia social e cívica, en relación cos contidos específicos da materia; a competencia matemática sobre todo nos cálculos en Xeografía e cronoloxía; a competencia en comunicación lingüística, esencial para a comprensión, selección, organización e exposición dos diferentes contidos; a competencia dixital, fundamental en todas as materias para a prospección, confrontación e presentación da información...
- Así, estas probas incluírán, entre outras, as seguintes actividades, adaptadas a cada nivel:
 - lectura de textos breves e elaboración dun esquema ou resumo do seu contido;
 - comentario elemental dunha gráfica, mapa, imaxe ou documento;
 - definición de conceptos básicos da materia correspondente;
 - resolución de sinxelos problemas (coordenadas xeográficas, escala, taxas, datas...);
 - localización espacial (mapa) e temporal (exercicios de cronoloxía)...
- O Departamento adaptará a programación de aula de cada curso en función da análise dos resultados da respectiva avaliación inicial, seleccionará os estándares de aprendizaxe e os contidos esenciais, e priorizará aqueles cuxo desenvolvemento permita garantir a adquisición das competencias clave.
- Por outro lado, o profesorado, a partir da observación da evolución do alumnado na aula, dos seus ritmos e estratexias de aprendizaxe, e da súa resposta aos contidos e tarefas programadas, elaborará actividades cun nivel de complexidade gradual para adaptarse ás diferentes necesidades que se constaten, tanto tarefas de repaso e reforzo como de ampliación e afondamento.
- Asemade, tras a realización da avaliación inicial do Instituto, organizada polo equipo directivo e prevista para mediados de outubro e realizada polo equipo docente de cada grupo, o Departamento celebrará unha reunión ordinaria para analizar os resultados da mesma e adoptar as medidas de atención á diversidade que sexan necesarias en cada clase e nivel.

b.- Avaliación continua.

A realización efectiva da avaliación continua é un obxectivo primordial. A valoración das capacidades de cada alumno non se realizará exclusivamente a partir das probas obxectivas (que por suposto se utilizan), senón atendendo a todos os elementos de xuízo que o profesor debe ter de cada alumno de forma personalizada, como son: exercicios de clase, participación na mesma, traballos de investigación realizados individualmente ou en grupo, organización do caderno de clase... En resumo: o conxunto da actividade do alumno ao longo do proceso de aprendizaxe.

As probas obxectivas que se propoñen aos alumnos non son só memorísticas (aínda que cremos que a memoria é unha facultade que hai que potenciar, dado o certo descrédito a que se ve sometida nos derradeiros tempos). Nas probas obxectivas pídese ao alumno que demostre toda a súa capacidade tanto de tipo conceptual e relacional como o grao de consecución das competencias básicas.

Neste tipo de probas que se realizan ao longo de todo o curso, inclúense cuestións sobre conceptos e habilidades que xa foron obxecto de avaliación en períodos anteriores: as cuestións básicas non poden ser aprendidas nun momento e esquecerse sen máis despois de superada a avaliación ou o curso correspondente. Para evitalo, impídese que os alumnos pensen que xa non se lles pode preguntar sobre iso. Non se pode dividir a materia en compartimentos estancos.

O Departamento establece un modelo de proba obxectiva que se considera a máis adecuado en cada curso. A continuación detallaremos en que consiste ese tipo de proba, precisando que non se trata de incluír todos e cada un dos apartados en todas e cada unha das probas escritas, senón que seleccionaremos aqueles que se axusten ao traballado na aula.

Baseándose nestes modelos, cada profesor ten autonomía na súa clase para precisar o contido das probas e decidir a cualificación relativa de cada un dos apartados. En calquera caso, o profesorado informará ao alumnado destes extremos.

4.2.- Instrumentos de avaliación: as probas obxectivas.

a.- Modelo de proba obxectiva para os distintos cursos.

2º ESO:

a.- Parte teórica:

- 1.- Definición de conceptos xeográficos e históricos, feitos e personaxes históricos.
- 2.- Desenvolver cuestións concretas sobre un tema.
- 3.- Preguntas de opción múltiple (resposta correcta, verdadeiro ou falso, emparellar conceptos...).

b.- Parte práctica:

- 1.- Comentar ou realizar mapas históricos ou xeográficos. Comentar planos urbanos.
- 2.- Ordenar un eixe cronolóxico.
- 3.- Facer un comentario guiado sobre un texto histórico.

4º ESO:

a.- Parte teórica:

- 1.- Definicións de conceptos, acontecementos e personaxes históricos.
- 2.- Desenvolvemento dun tema ou elaboración de esquemas e cadros comparativos.

b.- Parte práctica:

- 1.- Comentario guiado dun texto
- 2.- Elaboración e comentario de mapas e gráficos.
- 3.- Cronoloxía e/ou series de relacións.

2º BAC:Historia de España:

- Os exames de Historia de España de 2º BAC seguirán as orientacións que estableceu o Grupo de Traballo de Historia de España da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) para a realización da proba de avaliación de bacharelato para o acceso á Universidade (ABAU).
- Cada exame constará dos seguintes apartados:
 - 1.- Definir conceptos históricos: ata 2 puntos (4 conceptos x 0,5 puntos cada un).
 - 2.- Desenvolver unha cuestión: ata 3 puntos.
 - 3.- Elaborar unha composición histórica a partir de varios documentos (xeralmente 3): ata 5 puntos.

En cada avaliación realizaranse, polo menos, dous exames. Os criterios de cualificación dos mesmos son os establecidos pola CiUG. A duración das probas escritas será a mesma que ten estipulada a Universidade para as probas ABAU (90 minutos), polo que os exames desta materia realizaranse en horario de tarde.

- O citado Grupo de Traballo decidiu establecer como criterio de corrección no caso das definicións e das preguntas a desenvolver a capacidade de síntese, por tratarse dunha capacidade cada vez máis necesaria para desenvolverse na docencia universitaria, dado que a extensión dos sistemas de avaliación continua xeneralizou as limitacións de espazo dos exercicios e traballos a realizar polo alumnado.
 - As definicións deben ter unha extensión máxima de 50 palabras (5 liñas aproximadamente).
 - As preguntas a desenvolver deben ter unha extensión máxima de 400 palabras (unhas 40 liñas aproximadamente).
 - A parte da resposta que exceda da extensión fixada non será valorada.

b.- Criterios xerais de cualificación de exames.

O Departamento terá en conta os seguintes criterios para cualificar cada unha das probas obxectivas que se realizarán en cada avaliación:

- Asimilación de contidos conceptuais e vocabulario específico da materia.
- Capacidade de expresión axeitada a cada contexto.
- Grao de adquisición das competencias básicas, especialmente aquelas máis directamente relacionadas cos contidos de cada materia.
- Capacidade de organización e asociación de ideas.
- Corrección ortográfica e sintáctica.

Realizaranse polo menos dous exames por avaliación. A cualificación final das probas obxectivas en cada avaliación será a media da nota obtida en cada exame. O profesorado de cada materia decidirá, comunicándoo sempre ao seu alumnado desde o comezo de curso, a necesidade de obter unha nota mínima en cada exame (por exemplo, un 3) para facer nota media. Esta medida, que -repetimos- o Departamento decidiu deixar ao criterio de cada compoñente -analizando as circunstancias específicas do grupo de alumno-, persegue que o alumnado traballe e asimile todos os contidos, xa sexan conceptuais ou competenciais, desenvolvidos en cada avaliación, que non intenten "compensar" uns cos outros.

En calquera curso e materia, se un alumno é sorprendido intentando copiar nun exame por calquera medio será cualificado cun cero (0) e suspenderá a avaliación correspondente. Deberá recuperala nas probas de recuperación que determine o Departamento. Se a infracción ten lugar nas probas finais previas á avaliación ordinaria o estudante suspenderá toda a materia.

4.3.- Outros instrumentos de avaliación.

Como xa apuntamos, as probas escritas son un instrumento fundamental de avaliación do proceso de aprendizaxe dos alumnos, pero non constitúen o único instrumento de avaliación. O Departamento valorará asemade os seguintes aspectos:

- Asistencia regular ás clases. Enténdese que a asistencia ás clases é condición imprescindible para poder aplicar a avaliación continua.
- Participación no desenvolvemento das actividades lectivas, rexistrada e cualificada nas fichas de seguimento dos alumnos.
- Realización e corrección sistemática das tarefas, rexistradas no caderno de clase e na aula virtual.
- Traballos de investigación, monografías, resumos e outras actividades realizadas polos alumnos.
- Exposición e posta en común dos traballos na aula.
- Participación nos debates que se propoñan.
- Comportamento na aula: respecto das normas de convivencia.

4.4.- Procedemento de cualificación.

a.- Cualificacións parciais.

A cualificación de cada avaliación será o resultado da consideración global dos instrumentos referidos:

- ESO: a cualificación obtense de sumar a media ponderada das diferentes probas escritas (80 % da nota final), máis a valoración do seu traballo diario na clase e/ou na aula virtual do Centro (20 %).
- BAC: a cualificación obtense de sumar a media ponderada dos diferentes exames (80 % da nota final), máis a valoración do seu traballo diario na clase, e/ou na aula virtual do Centro. (20 %).
- O profesorado de cada grupo e nivel decidirá a ponderación de cada proba escrita con respecto á nota global, en función da complexidade dos contidos avaliados e das circunstancias concretas en que se desenvolve o proceso de ensino e aprendizaxe. Estas decisións serán comunicadas ao alumnado coa debida antelación.

A nota mínima para aprobar a avaliación é de 5 puntos. Será necesario obter como mínimo 4 puntos de media de todas as probas escritas e 1 punto correspondente aos traballos, probas orais, prácticas, notas de clase, tarefas da aula virtual, debates...

O profesorado de cada materia informará puntualmente ao seu alumnado de calquera modificación que se realice a estas porcentaxes, en función das circunstancias do grupo, da materia ou dos imprevistos da evolución da actividade lectiva.

Tras cada unha das avaliacións, se o alumno suspende a materia poderá recuperala mediante as tarefas específicas que deberá elaborar o profesorado correspondente, ou por medio dun exame das unidades didácticas traballadas durante o trimestre, que se realizará a comezos do seguinte ou antes da avaliación ordinaria, segundo o establecido por cada profesor e comunicado aos alumnos.

b.- Cualificacións finais.

A avaliación continua implica que o alumno debe ser avaliado do conxunto de contidos e competencias que vai adquirindo progresivamente ao longo do curso, e non só dos contidos que se desenvolveron nun trimestre concreto. Por outra banda, tamén supón que o alumno que suspende unha avaliación pode recuperar na avaliación seguinte, mediante a realización das actividades que se determinen (como se comentou arriba); polo mesmo, o alumno superará a materia se obtén unha cualificación positiva na avaliación final.

ESO

- A actividade lectiva da terceira avaliación rematará o venres 2 de xuño de 2023. A partir do luns 5 o Instituto desenvolverá as correspondentes sesións de avaliación, nas cales o alumnado recibirá a cualificación da terceira avaliación.
- O período abranguido entre o luns 5 e o mércores 21 de xuño (data de remate da actividade lectiva) dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación dos contidos e competencias traballados ao longo do curso.
 - A orientación esencial deste período será que todo o alumnado alcance os obxectivos, competencias e coñecementos establecidos para cada nivel ou para a etapa.

- Polo mesmo, as actividades adaptaranse ás características particulares do alumnado de cada grupo, incidindo naquelas que permitan recuperar as aprendizaxes non adquiridas e/ou afondar nas aprendizaxes xa alcanzadas, segundo as circunstancias concretas do grupo.
- O alumnado que logo de realizada a terceira avaliación obtivese cualificación positiva nas tres avaliacións, aprobará o curso. A súa cualificación final será, como mínimo, a media das tres avaliacións (de 5 a 10 puntos).
 - Este alumnado poderá mellorar esa cualificación final mediante a realización dunha proba global, que se desenvolverá entre o 19 e o 21 de xuño. O 10% da nota que obteña na mesma sumarase á media das tres avaliacións para obter a cualificación final.
- O alumnado que logo de realizada a terceira avaliación obtivese cualificación negativa nalgunha ou en todas as avaliacións, deberá presentarse ás probas de recuperación específicas que os membros do Departamento elaborarán para cada nivel e que se desenvolverán entre o 19 e o 21 de xuño, segundo o calendario que o profesorado de cada grupo comunicará ao seu alumnado.
 - A cualificación positiva nas mesmas suporá que o alumno aproba a materia na avaliación final. A nota global será a media das cualificacións positivas obtidas nas avaliacións e a nota da proba final.

2º BAC

- A actividade lectiva da terceira avaliación rematará o venres 5 de maio de 2023. Na semana seguinte, do luns 8 ao venres 12 de maio, realizaranse os exames finais de curso, segundo o calendario específico elaborado polo equipo directivo. A estes exames deberán presentarse aqueles alumnos que obtivesen cualificación negativa nalgunha avaliación.
- A avaliación final ordinaria desenvolverase o martes 16 de maio. Nesta sesión o alumnado recibirá a cualificación global do curso, que será a media das tres cualificacións (de 0 a 10 puntos). O alumnado que obtivese unha cualificación inferior a 5 deberá presentarse ás probas extraordinarias.
- As datas previstas para a celebración das probas extraordinarias son do luns 12 ao venres 16 de xuño.
 - O período abranguido entre o 18 de maio e o 12 de xuño dedicarase á preparación das devanditas probas extraordinarias.
 - Asemade, o período abranguido entre o 18 de maio e o 2 de xuño dedicarase á preparación da convocatoria ordinaria das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU).
- As sesións de avaliación extraordinaria realizaranse a partir do 22 de xuño. A cualificación final será a obtida polo alumnado nas probas extraordinarias (de 0 a 10 sen decimais). Cando o alumnado non se presente ás probas consignarase non presentado (NP).

5.- Alumnos con materias pendentes.

A atención aos alumnos con materias pendentes de cursos anteriores estará coordinada polo xefe do Departamento e será levada a cabo por este e/ou polo profesorado que impartiu a materia o curso pasado.

O alumnado deberá realizar dúas probas escritas ordinarias e unha proba final extraordinaria, segundo o calendario previsto polo equipo directivo:

- 1ª avaliación: semana do luns 7 ao xoves 10 de novembro de 2022.
- 2ª avaliación: semana do luns 13 ao xoves 16 de febreiro de 2023.
- Avaliación final: semana do luns 24 ao mércores 26 de abril de 2023.

Para cada avaliación ordinaria o Departamento elaborará un plan de actividades, no que figurará a selección de contidos mínimos de cada nivel, que o alumnado deberá traballar mediante as tarefas fixadas, nun prazo mínimo de catro semanas.

- A recuperación da materia pendente nas avaliacións ordinarias farase:
 - A partir da valoración da evolución do alumno por parte do profesor que lle dá clase no presente curso.
 - Mediante a valoración polo profesorado das actividades de recuperación propostas (25 % da nota).
 - Probas escritas sobre as actividades e exercicios realizados (75 % da nota).
- O alumnado que aprobe as dúas avaliacións terá recuperada a materia pendente; a cualificación final será a media das notas de cada unha.
- O alumnado que suspenda algunha das dúas avaliacións deberá presentarse á proba de avaliación final da parte ou partes suspensas. A cualificación final será a nota que obteña nesa proba.

Os alumnos dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) serán avaliados polos profesores do ámbito sociolingüístico do seu curso. Para recuperar a materia o departamento facilitará os exercicios ou traballos da materia que teñan pendente e que será valorada xunto cos instrumentos que o seu profesor de ámbito considere oportunos.

6.- Actividades complementarias e extraescolares.

O Departamento de Xeografía e Historia solicitou a participación nas seguintes actividades complementarias organizadas polo Concello de A Coruña para o curso 2022/2023:

nivel	actividade	datas (pendentes de adxudicar)
1º ESO	Visita guiada ao castro de Elviña	entre o 17 de xaneiro e o 17 de xuño de 2023
2º ESO	Itinerario guiado pola Cidade Vella de A Coruña	entre o 1 de marzo e o 14 de maio de 2023
3º ESO	Visita a Aluman: industria carpintería de aluminio	entre o 18 de xaneiro e o 18 de xuño de 2023
4º ESO	O modernismo coruñés	entre o 1 de marzo e o 26 de xuño de 2023
1º BAC	Museo de Belas Artes: «As mulleres no Museo»	entre o 17 de xaneiro e o 17 de xuño de 2023
2º BAC	Museo de Belas Artes: os gravados de Goya	

Como en cursos anteriores, o Departamento colaborará nas actividades complementarias organizadas por outros departamentos do centro, tanto na preparación das mesmas na aula como acompañando ao alumnado participante nas saídas do Instituto.

Asemade, o alumnado dos diferentes niveis participará nas diversas actividades que cada curso programa a biblioteca do Centro en colaboración coa biblioteca do Centro Sociocultural Ágora en cada avaliación. O traballo realizado polo alumnado, (ben de forma individual ou en grupo) será valorado polo profesorado do nivel correspondente e formará parte da cualificación global desa avaliación na porcentaxe que se determine en cada caso.

7.- Contribución ao proxecto lector.

O Departamento realizará un seguimento permanente da expresión oral e escrita do alumnado. Para isto analizarase a capacidade de construír frases coherentes, elaborar temas e definir conceptos nas distintas actividades realizadas; así como a capacidade do alumnado para levar a cabo unha lectura comprensiva dos contidos do libro e doutros documentos propostos polo profesor.

En canto aos posibles instrumentos utilizados para realizar a avaliación do anteriormente exposto pódense salientar entre outros os seguintes:

- Corrección das probas escritas realizadas polo alumnado, prestando atención e valorando debidamente a capacidade expresiva, a ortografía e a caligrafía.
- Realización de redaccións sobre temas relacionados coa materia estudada por parte dos alumnos e alumnas, redaccións que unha vez realizadas deberán lerse na clase.
- Valoración das actividades realizadas no caderno de clase, esixíndose un mínimo de orde, coherencia, limpeza e lexibilidade.
- Lecturas de textos diversos, ben do libro ben do periódico ou de calquera outro material didáctico, coa finalidade de comprobar se existe unha lectura comprensiva das mesmas.

8.- Contribución á integración das tecnoloxías da información e comunicación.

A aplicación das tecnoloxías da información e a comunicación ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que os alumnos adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización en todos os ámbitos: educativos, familiares ou de pracer.

Trátase de que o alumnado, ao rematar a súa escolarización obrigatoria, alcance unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e ser capaz de transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes.

No Centro todas as aulas dispoñen de ordenadores e encerados dixitais e proxectores para o uso do profesor. Os alumnos de Os alumnos de 1º e 2º de ESO están incorporados ao Plan ABALAR polo que a parte do ordenador, encerado dixital e proxector dispoñen de ordenadores para uso persoal. Nestes casos pódese observar directamente a utilización que fan de Internet e dirixir os traballos solicitados.

Desde a área de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia pretendemos:

- Mellorar a súa competencia do alumnado no uso da internet como medio para poder obter e transmitir datos e informacións relacionados coa súa actividade académica.

- Orientar ao alumnado na busca e uso das páxinas web relacionadas coas diferentes materias que estudan.
- A utilización máis proveitosa dos libros dixitais das diferentes materias.
- Presentar correctamente as tarefas programadas en formato dixital e que sexan capaces de integrar nas mesmas imaxes e gráficos elaborados a partir de programas específicos.
- Elaboración e exposición de traballos que recollen de forma organizada a información atopada nos distintos medios. Para iso deben aproveitar as vantaxes que ofrecen os procesadores de texto xa que teñen que ser entregados en soporte dixital ou enviados a través do correo electrónico.
- Usar de forma cotiá a aula virtual do Centro para o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe nos diferentes niveis e materias.

9.- Medidas de atención á diversidade.

O Departamento, tras a análise dos resultados da proba de avaliación inicial da materia correspondente en cada nivel, e a partir dos acordos adoptados na avaliación inicial conxunta do profesorado de cada grupo, adoptará, en coordinación co resto do equipo docente, as medidas de atención á diversidade necesarias para facilitar a aprendizaxe do alumnado con dificultades e permitir a consecución dos obxectivos de cada nivel.

A medida xeral consistirá no establecemento de distintos niveis de afondamento dos contidos para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe.

a.- Atención á diversidade na programación.

- Na programación de cada curso considéranse os contidos mínimos que debe cubrir todo o alumnado; a partir de aí pódense ampliar conceptos para os máis avantaxados, mentres se establecen actividades de reforzo para o resto.

b.- Atención á diversidade na metodoloxía.

- O proceso de ensinanza-aprendizaxe que se desenvolve na Educación Secundaria Obrigatoria insiste na necesidade de atender á diversidade real que existe no grupo-clase, aparentemente homoxéneo pola idade e o espazo común onde traballan e aprenden, pero que na realidade adoita ofrecer un panorama máis heteroxéneo.
 - É evidente que o alumnado aprende de modos, formas e ritmos diferentes, que a cantidade e calidade do aprendido tamén é diferente, e por iso proponse procedementos variados que estimulen a aprendizaxe significativa de grupos heteroxéneos, tales como o establecemento de actividades adaptadas a situacións e ritmos diversos, incluíndo xogos, debates, traballos grupais e individuais, uso das TIC (especialmente a aula virtual), entre outras estratexias metodolóxicas.
 - A aplicación dunha metodoloxía adecuada ao grupo e á diversidade da aula, virá marcada polo sistema de avaliación continua. En definitiva, medimos o punto de partida do alumnado, avaliamos o proceso de ensino-aprendizaxe, para finalmente poder avaliar axeitadamente os resultados. A avaliación continua permítenos realizar cambios metodolóxicos, en caso de ser necesario, ao longo do curso.

c.- Atención á diversidade nos materiais utilizados.

- A selección dos materiais utilizados na aula ten unha gran importancia á hora de atender as diferenzas individuais no conxunto do alumnado.
 - Por unha banda, usaranse os materiais de reforzo e ampliación propostos nos libros de texto de Ciencias Sociais de cada nivel, así como as adaptacións curriculares contidas nos mesmos.
 - Por outra, o profesorado propón, en caso de ser necesario, materiais complementarios, xa sexan exercicios interactivos, audiovisuais, lecturas, etc. que completan, reforzan e amplían en cada caso os contidos. Isto permítenos atender á diversidade en función dos obxectivos que nos queiramos fixar, ademais proponse materiais que atenden á interculturalidade da aula, xa que a orixe das familias de moitos alumnos e alumnas son de distintas procedencias xeográficas. Utilizaranse materiais audiovisuais, manipulativos, de lectura, que permitan unha mellor aprendizaxe e motiven ao alumnado. Usaranse para iso os recursos propios do centro como o uso de proxectores, aulas de informática, aula de recursos, biblioteca, entre outros.

d.- Para aqueles alumnos que o precisen desenvolveranse adaptacións curriculares específicas que seguirán as seguintes liñas directrices:

- Organización da aula: O alumno estará situado nunha mesa próxima ao profesor para que este poida atendelo e vixiar as tarefas que realiza con maior comodidade e precisión. Se fose posible, colocarse ao lado doutro alumno co que poida desenvolver unha aprendizaxe colaborativa.
- Adaptación en obxectivos e contidos: Reduciranse os obxectivos e contidos non básicos e adaptaráselles ou priorizaranse os obxectivos e contidos que compensen as súas dificultades, acudindo aos obxectivos e contidos do nivel do ciclo de primaria correspondente ao alumno/a. En Xeografía centrarémonos no coñecemento da Xeografía descritiva con mapas mudos físicos e políticos, incrementando o uso do compoñente visual e das ferramentas interactivas. En Historia, priorizarase o coñecemento elemental das principais épocas históricas e as súas características xerais de forma esquemática.

- Adaptación en estratexias de avaliación: As probas de avaliación realizaranse ao mesmo tempo que ao resto dos seus compañeiros, coa diferenza de que a este alumno en concreto recibirá probas con preguntas adaptadas, como preguntas tipo test e/ou disporá de máis tempo que o resto dos seus compañeiros á hora de contestalas. O alumno será tamén avaliado a través da revisión periódica do seu caderno de traballo. Nos criterios de cualificación destes alumnos daráselle máis peso á avaliación continua e menor aos exames.
- Adaptación en metodoloxía: Facilitaráselle ao alumno mapas, fichas de traballo, resumes e exercicios acordos ao seu nivel, que deberá resolver coa axuda do profesor e do libro de Ciencias Sociais, que versarán sobre o contido dos temas que se expliquen na clase. O alumno traballará nun caderno exclusivo do área que o profesor corruxirá (seguindo as pautas recollidas na programación) a medida que o alumno avance na resolución de tarefas. Os traballos e exames serán adaptados.

10.- Contidos transversais.

Para atender ao desenvolvemento integral dos alumnos, hai que incorporar nas diferentes áreas e materias unha serie de elementos educativos básicos na educación que a lei denomina contidos transversais. Na nosa área inciden con maior ou menor intensidade nos temas transversais que se desenvolven ao longo da ESO.

1.- Compresión lectora, expresión oral e escrita e TIC.

Son habilidades e coñecementos que se utilizan en todas as materias e nesta programación están recollidas nos apartados 7e 8 do bloque I.

2.- Educación para igualdade.

- Recoñecer o valor do Estado de Dereito.

Mostrarase ao alumno, a partir de exemplos, a esixencia de que os cidadáns e as institucións e órganos de goberno do Estado actúen de acordo con unha normas xurídicas e que no caso que non o fagan deben responder ante os tribunais. O que pon de manifesto o feito de que o Estado e os cidadáns sométense ao Dereito e representa a garantía da igualdade de todos ante a Lei. 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato.

- Identificar os dereitos e liberdades recollidos na Constitución.

Darase especial atención á data na que se conmemora a aprobación polos españois da Constitución vixente, expoñendo a importancia que ten a introdución na Carta Magna dos principios liberais que recoñecen os dereitos e liberdades persoais e sobre todo o recoñecemento que ninguén pode ser discriminado po razón de nacemento, raza, sexo, relixión ou opinión.

Os dereitos fundamentais garanten a vida, liberdade relixiosa, de culto, dereito á liberdade (ninguén pode ser privado da súa liberdade salvo nos casos e na forma prevista pola lei), a intimidade e o dereito á honor persoal e familiar (facer especial fincapé na utilización das redes sociais, a obrigación de respectar o dereito a intimidade e a propia imaxe e, no caso contrario, as consecuencias que se derivan do mal uso das mesmas.

- Rexeitar todo tipo de desigualdade.

Para poñer en práctica o principio da igualdade, partírase en primeiro lugar de fomentar unha convivencia pacífica e tolerante entre os alumnos de clase. Asemade, nas diferentes fases de elaboración dun traballo o unha actividade colectiva prestarase especial atención a que actitude de cada alumno sexa receptiva, colaboradora e respectuosa co traballo dos demais. Que comprendan que os traballos de investigación en grupo necesitan a colaboración de todos.

A clase debe interesarse por coñecer a respectar aos compañeiros e compañeiras á marxe do seu sexo e da súa aparencia, deben aprender a colaborar entre eles.

Nas clases de historia desenvolveranse con especial interese os temas que poñen de manifesto a loita para conseguir a igualdade de dereitos entre homes e mulleres: sufraxistas, feministas... Resaltarase o papel das mulleres que loitaron neste sentido, como Concepción Arenal.

Nas clases de ESO subliñarase a dificultade e a loita para superar a sociedade estamental ou abolición do escravismo. Debaterase as consecuencias da intolerancia e a eliminación dos dereitos nas sociedades totalitarias de todo sino ideolóxico: nazismo e comunismo entre outras.

Utilizarase as noticias en prensa e outros medios sobre atentados terrorista para fomentar unha actitude crítica e de rexeitamento fronte ao terrorismo de todo tipo: ETA, GAL, a Xihad e fempiciar a empatía coas vítimas.

A partir de textos de carácter histórico, a convivencia no centro de alumnos procedentes de outros países, noticias e/ou traballos os alumnos estudarán e analizarán os valores máis representativos dunha sociedade democrática actual: a liberdade individual, o respecto ante a diferenza (lingüística, racial, relixiosa ...), o recoñecemento da igualdade das persoas ante a lei, os dereitos iguais para todos, a xustiza social, a tolerancia e a solidariedade.

- Respetar a diversidade cultural

O estudo da Historia de España evidencia dunha forma clara a diversidade social, racial, relixiosa, cultural, etc. que coexistiron ao longo dos tempos e que están nas raíces dos nosos costumes, linguas e culturas que conforman a realidade actual do noso país. Toda esta diversidade, que foi evolucionando ao longo da historia, debe ser considerada como un elemento enriquecedor e non como un obstáculo para a convivencia.

Diversos elementos do currículo da materia de Xeografía e Historia permiten analizar e subliñar a importancia dos nosos valores e a nosa identidade cultural no ámbito da aula e asemade valorar como feito enriquecedor as diferenzas que aportaron e seguen aportando outras culturas coas que convivimos nun mundo globalizado.

3.- Educación para fomentar o espírito emprendedor.

Neste ámbito tratarase de que os alumnos presenten iniciativas de traballos, carteis ou campañas sobre determinados temas da materia de xeografía, historia ou de actualidade. En xeografía campañas sobre conservación do medio ambiente, sobre consumo de fontes de enerxía ou materias primas, sobre urbanismo na súa cidade. En historia, a partir dun tema, impulsar a busca de información e imaxes na web, orientar sobre a súa utilización e a maneira de dar forma e presentar o material recollido

4.- Educación no ámbito da educación e a seguridade viaria.

O recoñecemento do dereito á vida e á integridade que recolle a Constitución servirá de punto de partida para fomentar nos alumnos a obrigaón de cumprir o seu mandato nas súas diversas manifestacións.

A partir dos contidos de unidades didácticas do bloque de Xeografía (a demografía, a cidade e o proceso de urbanización, os retos e problemas ambientais...), os alumnos buscarán e analizarán información significativa procedente de diversas fontes (prensa, internet...) sobre a educación e a seguridade viarias. Así, analizarán as consecuencias do incumprimento das normas de circulación, das distraccións cando se usa un vehículo ou do mantemento de actitudes irresponsables (consumo de alcohol, drogas, utilización do móbil...).

Asemade, os alumnos comentarán e debaterán na aula a evolución das campañas de sensibilización publicadas pola DGT (Dirección General de Tráfico), para extraer conclusións acerca da necesidade de cumprir de xeito individual as normas que permiten o funcionamento do colectivo, e interiorizar a responsabilidade que temos para con nós mesmos e para cos demais.

11.- Información ao alumnado, pais ou representantes legais.

A programación didáctica elaborada polo departamento estará a disposición da comunidade educativa e, en particular, do alumnado e das familias, a través de dúas vías:

- Na Dirección do centro como documento pertencente á Programación Xeral Anual (PXA).
- Na páxina web do centro, no apartado correspondente aos Departamentos, na que ademais constarán os contidos mínimos e os criterios de cualificación de cada materia nos diferentes niveis.

Asemade, ao comezo do curso, no momento da presentación da materia, cada profesor colgará na aula virtual e/ou entregará ao alumnado a información relativa á secuenciación dos contidos por avaliación, as previsións do número e datas dos exames, os criterios xerais de cualificación e os sistemas de recuperación.

12.- Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

- A avaliación da práctica docente persegue os seguintes obxectivos:
 - Axustar a práctica docente ás peculiaridades do grupo e de cada alumno.
 - Comprobar o grao de desenvolvemento da planificación curricular en cada nivel.
 - Detectar as dificultades e os problemas da práctica docente.
 - Favorecer a reflexión individual e colectiva
 - Mellorar a comunicación e coordinación entre os membro do departamento.
 - Facilitar a comunicación cos departamentos implicados nos diferentes niveis.
 - Regularizar e mellorar a comunicación cos pais ou titores do alumnado.

Ao longo do curso, nas preceptivas reunións de departamento - mensuais ou no seu caso extraordinarias se fosen necesarias-, farase o seguimento da programación dos diferentes cursos e valorarase o seu cumprimento tendo en conta os diferentes aspectos recollidos na programación xeral: adquisición das competencias, desenvolvemento dos contidos, cumprimento dos criterios de cada unidade, avaliación da pertinencia e os resultados das actividades de aula programadas, planificación e análise das actividades complementarias e temporalización.

A avaliación está ligada ao proceso educativo e debe realizarse de forma continua: antes, durante e despois de cada unidade didáctica, ao remate de cada avaliación -trimestralmente- e a final de curso -anualmente-.

Para poder levar a cabo a avaliación utilizaranse a observación diaria da nosa actividade docente (recollida no caderno do profesor) e os cuestionarios que permitan recoller os datos precisos. O seu deseño terá presente as orientacións xerais do centro recollidas no PEC e no PCC, e os resultados e conclusións da avaliación inicial ou diagnóstica que nos facilitarán os datos necesarios.

A continuación propoñemos os modelos básicos de cuestionarios de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente, que poderán adaptarse ás circunstancias en que se vaia desenvolvendo a actividade lectiva. Estes cuestionarios analizarán os seguintes aspectos:

- 1.- Motivación por parte do profesorado na aprendizaxe dos alumnos
- 2.- Planificación da programación didáctica.
- 3.- Motivación do alumnado.
- 4.- Desenvolvemento do ensino.
- 5.- Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza/aprendizaxe.

1.- Motivación por parte do profesorado na aprendizaxe dos alumnos.

Indicadores	valoración (0-5)	propostas de mellora
1. Presenta ao principio de cada unidade didáctica/sesión un plan de traballo explicando a súa finalidade		
2. Comenta a importancia do tema para a adquisición das competencias e formación do alumnado		
3. Deseña situacións introdutorias ao tema que se vai tratar		
4. Relaciona os temas tratados con temas de actualidade		
5. Mantén o interese do alumno partindo das súas experiencias cunha linguaxe clara e adaptada á súa comprensión		
6. Facilita información dos progresos acadados e das dificultades atopadas		
7. Reflexiona se os contidos son os indicados para o alumnado		
8. Estructura e organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema		

2.- Planificación da programación didáctica.

Indicadores	valoración (0-5)	propostas de mellora
1. Cada programación didáctica está estruturada por unidades didácticas		
2. Deseña as unidades didácticas baseándose nas competencias básicas que deben obter os alumnos		
3. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos no currículo		
4. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento		
5. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes		
6. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe		
7. Planifica a actividade educativa de forma coordinada cos profesores que imparten o mesmo nivel		
8. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado		
9. Establece con claridade os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas		
10. Planifica a actividade educativa co resto do profesorado xa sexa por nivel, departamento e profesores de apoio		

3.- Motivación do alumnado. O profesorado.

Indicadores	valoración (0-5)	propostas de mellora
1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade		
2. Propón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...)		
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade		
4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades encontradas		
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado		
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase		
7. Promove a reflexión dos temas tratados		
8. Programa traballos en grupo para analizar as interaccións entre os alumnos		

4.- Desenvolvemento do ensino.

Indicadores	valoración (0-5)	propostas de mellora
1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...		
2. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases		
3. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica		
4. Utiliza axudas de diversos tipos para apoiar os contidos na aula		
5. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas		
6. Propón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa		
7. Propón actividades grupais e individuais		
8. Incorpora as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe		
9. Analiza e comenta co alumnado os aspectos máis significativos da corrección das probas e traballos		
10. Avalía a eficacia dos programas de recuperación		

5.- Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza/aprendizaxe.

Indicadores	valoración (0-5)	propostas de mellora
1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes		
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica		
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos		
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas		
5. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos		
6. Propón novas actividades adaptadas ao alumnado que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron suficientemente acadados		
7. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia		

8. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
9. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais		
10. Adecuación do deseño das unidades didácticas ao currículo		
11. O desenvolvemento de programación respondeu á secuenciación e temporalización prevista		
12. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación: probas, traballos, exames		

13.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Na revisión e avaliación da programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Criterios sobre o rendemento do alumnado:
 - Notas do alumnado, valoración dos seus traballos, actitudes e conduta.
 - Nivel de absentismo ás clases.
 - Grao de interese, participación, implicación persoal de cada alumno nas tarefas do curso.
 - Nivel de integración e cooperación acadado dentro do grupo e co grupo de referencia.
 - Presenza de alumnado que mantén actitudes de renuncia da súa responsabilidade nas tarefas de aprendizaxe.
 - Logros e avances conseguidos coa súa proposta de adaptación individual.
- Criterios sobre a coordinación interna do equipo educativo:
 - Valoración de tarefas realizadas, e as necesidades de coordinación atendidas.
 - Grao de consecución acadado nos obxectivos propostos ao inicio de curso.
- Criterios sobre a relación e colaboración familia-Centro.
 - Valoración das tarefas realizadas. Sesións colectivas, entrevistas persoais, cartas ou comunicacións por teléfono, etc.
 - Obxectivos acadados e grao de consecución dos mesmos.
 - Nivel de colaboración conseguido coas familias.
 - Nivel de satisfacción mostrado polas familias con respecto ao programa e aos progresos dos seus fillos.
- Criterios sobre a relación e colaboración do departamento co Instituto:
 - Uso dos recursos do centro, intercambio de documentos e materiais co resto do centro.
 - Elaboración de novos materiais para o centro e para outros departamentos didácticos.

En síntese, ao remate de cada curso o departamento revisará a súa programación didáctica a partir dos datos recollidos no libro de actas, das cualificacións obtidas polos alumnos e os cuestionarios de avaliación da práctica docente recollidos arriba.

- Para a modificación da programación didáctica revisaranse os seguintes aspectos:
 - A idoneidade da selección, distribución e secuenciación dos obxectivos e contidos.
 - A idoneidade da metodoloxía seguida e dos materiais e recursos didácticos empregados.
 - A adecuación dos criterios de avaliación relacionados coa adquisición das competencias básicas.
 - A eficacia dos procedementos e instrumentos de avaliación. Revisión dos criterios de cualificación.
 - As medidas de atención á diversidade empregadas e, en particular, as ACI (adaptacións curriculares individualizadas).
 - O programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes de cursos anteriores.
 - O desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias e das relacionadas co Plan Anual de Lectura do centro e coa integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

II.- PROGRAMACIÓN DE AULA.**EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.****1.- 2º ESO - XEOGRAFÍA E HISTORIA.****Bloque I.- HISTORIA.****Unidade 1.- A fragmentación do mundo antigo.**

1.1.- Competencias clave: CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC,CSIEE, CCEC

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia en conciencia e expresións culturais

1.2.- Obxectivos didácticos:

- Explicar e situar cronoloxicamente as principais etapas da Idade Media e do proceso de descomposición do Imperio romano de Occidente.
- Analizar os pobos xermánicos: formación, organización, formas de vida e cultura.
- Estudar un dos reinos xermánicos: os visigodos.
- Explicar o proceso de ruralización a causa da destrución das cidades e as consecuencias culturais e económicas que se derivan disto.
- Caracterizar a orixe e a evolución do reino suevo de Galicia e os aspectos fundamentais da súa organización social, política e económica.
- Situar a orixe do Imperio bizantino e expor a importancia do emperador Xustiniano no seu desenvolvemento.
- Describir as características culturais do Imperio bizantino e comparalas coas propias doutras culturas.
- Identificar a orixe do Imperio carolinxio e expor a importancia da figura de Carlomagno, coas repercusións que o seu legado ten na Europa actual.
- Identificar as orixes da sociedade feudal e definir as relacións entre señores e campesiños.
- Explicar os trazos característico do Islam, describir a súa orixe e as súas achegas culturais e artísticas.

1.3.- Contidos:

- 1.- Que aconteceu co antigo Imperio Romano?
 - 1.1.- A fin do Imperio Romano de Occidente.
 - 1.2.- A formación dos reinos xermánicos.
 - 1.3.- O mantemento do Imperio de Oriente e a irrupción do Islam.
- 2.- O reino suevo de Galicia.
 - 2.1.- A chegada dos suevos.
 - 2.2.- A evolución do reino suevo de Galicia.
 - 2.3.- O problema relixioso.
 - 2.4.- Sociedade e economía.
- 3.- Un reino xermánico: os visigodos en Hispania.
 - 3.1.- A formación do reino visigodo de Toledo.
 - 3.2.- A organización do reino.
 - 3.3.- A cultura e a arte visigóticas.
- 4.- A ruralización.
 - 4.1.- Da cidade ao campo: a ruralización.
 - 4.2.- A encomendación.
 - 4.3.- A vida na aldea.
- 5.- Bizancio, o Imperio romano en Oriente.
- 6.- O Imperio carolinxio.
 - 6.1.- O reino dos francos.
 - 6.2.- Carlomagno, emperador.
 - 6.3.- O renacemento carolinxio.
 - 6.4.- A organización do imperio carolinxio.

7.- Como gobernou o seu imperio Carlomagno?

- 7.1.- Organizar e administrar o Imperio.
- 7.2.- Un sistema de fidelidades persoais.
- 7.3.- Cara á Europa feudal.

8.- A aparición do Islam.

- 8.1.- Arabia, o país de Mahoma.
- 8.2.- Mahoma, profeta dunha nova relixión.
- 8.3.- Que é o Islam?

1.4.- Criterios de avaliación:

-
- 1. Establecer o paso da Idade Antiga á Idade Media.
- 2. Expor a nova situación económica, social e política dos reinos xermánicos.
- 3. Explicar o Imperio bizantino como continuación do Imperio romano de Oriente.
- 4. Describir o Imperio carolinxio como último intento de reconstrución do Imperio de Occidente.
- 5. Expor o nacemento dunha nova relixión: o Islam.

1.5.- Estándares de aprendizaxe e competencias clave:

- 1.1. Explica e sitúa cronoloxicamente as principais etapas da Idade Media e o proceso de descomposición do Imperio romano de Occidente. CCL, CAA.
- 2.1. Analiza os pobos xermánicos: formación, organización, formas de vida e cultura. CCEE, CSIEE, CAA.
- 2.2. Estuda un dos reinos xermánicos: orixe, organización, formas de vida e cultura. CCEE, CSC.
- 2.3. Explica o proceso de ruralización a causa da destrución das cidades e que consecuencias culturais e económicas se derivan disto. CCEE, CCL,CAA.
- 3.1. Sitúa a orixe do Imperio bizantino e expón a importancia do emperador Xustiniano no seu desenvolvemento. CCEE,CSC.
- 3.2. Expón as características culturais do Imperio bizantino (xeito de distribución, economía, relixión e arte) e compáraas coas propias doutras culturas. CCEE,CD,CSIEE.
- 4.1. Sitúa a orixe do Imperio carolinxio e expón a importancia da figura de Carlomagno coas repercusións que o seu legado ten na Europa actual. CCEE, CSC.
- 4.2. Identifica as orixes da sociedade feudal e define as relacións entre señores e campesiños. CCEE,CSC.
- 5.1. Explica as principais características do Islam, describe a súa orixe e as súas implicacións culturais e artísticas. CCEE, CSC.

1.6.- Descritores e competencias clave:

- 1.1. Observa un eixe cronolóxico relativo ás etapas da Idade Media e á fragmentación do Imperio Romano e coñece os seus sucesos principais. CCL, CAA.
- 1.1. Desenvolve a formación das novas entidades políticas e culturais do antigo territorio do Imperio romano. CCL, CAA.
- 2.1. Identifica os límites xeográficos e cronolóxicos dos reinos xermánicos. CCEE, CSIEE, CAA.
- 2.1. Compara o modo de vida dos reinos xermánicos e dos romanos. CCEE, CSIEE, CAA.
- 2.2. Analiza o reino visigodo: formación, organización, formas de vida e cultura. CCEE, CSC.
- 2.2. Identifica a orixe dos suevos e describe con detalle as zonas que ocuparon á súa chegada a Galicia e a súa posterior expansión territorial. CCEE, CSC.
- 2.3. Enumera as características dunha comunidade rural (tipo de economía e actividades desempeñadas) e compáraas coa vida urbana en Roma. CCEE, CCL,CAA.
- 2.3. Expón mediante un exercicio imaxinativo a relación señor-campesíño. CCEE, CCL,CAA.
- 2.3. Explica a importancia da relación entre cultura e relixión na época visigoda e identifica os elementos distintivos da súa arte. CCEE, CCL,CAA.
- 3.1. Explica a orixe do Imperio bizantino, sitúao no espazo e esquematiza a súa evolución. CCEE,CSC.
- 3.1. Desenvolve o proceso de helenización que tivo lugar no Imperio bizantino. CCEE,CSC.
- 3.2. Identifica os trazos característicos da relixión cristiá no Imperio bizantino e compáraos cos propios da relixión católica. CCEE,CD,CSIEE.
- 3.2. Analiza a partir dun debuxo as características da capital de Bizancio aludindo á súa situación e actividade comercial. CCEE,CD,CSIEE.
- 3.2. Compara a distribución da capital de Bizancio, considerada a nova Roma, coa distribución da antiga Roma. CCEE,CD,CSIEE.
- 4.1. Explica as raíces do Imperio Carolinxio. CCEE, CSC.
- 4.1. Describe a figura de Carlomagno, a importancia do seu reinado, a súa forma de goberno e a súa repercusión sobre a cultura da Europa Occidental. CCEE, CSC.
- 4.2. Analiza o sistema de fidelidades instaurado por Carlomagno como orixe da sociedade feudal. CCEE,CSC.

- 5.1. Expón que é o Islam, a importancia do Corán, piares e preceptos e coñece quen era Mahoma e os feitos máis relevantes da súa vida. CCEE, CSC.
- Describe as diferentes partes da mesquita e explica a súa función. CCEE, CSC.

1.7.- Contidos mínimos:

- Identifica, sitúa e caracteriza as etapas básicas da Idade Media.
- Explica o proceso de descomposición do Imperio romano, identifica e sitúa no espazo e no tempo as tres grandes civilizacións que xurdiron no seu territorio: os reinos xermánicos, o Imperio Bizantino e o Islam.
- Sintetiza os caracteres xerais dos reinos xermánicos, e os cambios e continuidades que estableceron co modelo organizativo do Imperio romano, con especial incidencia no proceso de ruralización.
- Resume as etapas básicas da evolución histórica de Hispania neste período: a invasión dos pobos xermánicos, a formación do reino suevo de Galicia e o dominio do reino visigodo de Toledo.
- Elabora un sinxelo esquema sobre as etapas da evolución histórica do Imperio Bizantino.
- Enumera as medidas políticas, relixiosas e culturais que adoptou Carlomagno durante o seu reinado.
- Analiza o sistema de fidelidades instaurado por Carlomagno como orixe da sociedade feudal.
- Resume onde, cando e como xurdiu o Islam e explica os principios básicos desta nova relixión.
- Define, sitúa e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

1.8.- Temporalización:

- 8 sesións.

1.9.- Procedementos e instrumentos de avaliación:

- Observación do traballo diario na aula.
- Recollida e valoración das actividades realizadas no caderno de clase.
- Elaboración dun eixe cronolóxico cos feitos históricos fundamentais desta unidade.
- Elaboración e comentario de mapas históricos sobre a evolución dos reinos xermánicos, o Imperio Bizantino e o Islam.
- Lectura e iniciación ao comentario de textos históricos sobre este período.
- Proba escrita na que se recollen os contidos mínimos indicados.

Unidade 2.- Al-Ándalus.

2.1.- Competencias clave: CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC,CSIEE, CCEC

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia en conciencia e expresións culturais

2.2.- Obxectivos didácticos:

- Explicar o proceso de expansión do Islam no mundo e en al-Ándalus.
- Saber identificar as distintas etapas da súa historia.
- Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socio-económicos, políticos e culturais.
- Comprender o proceso das conquistas e a repoboación na península ibérica.
- Caracterizar a sociedade e as diferentes formas de goberno existentes nas distintas etapas de al-Ándalus ao longo dos séculos de dominación musulmá.
- Describir as actividades económicas e o seu xeito de organización.
- Recoñecer as características da arte islámica e andalusí.
- Identificar os monumentos de época andalusí que se conservan no noso territorio.
- Explicar os trazos da cultura islámica e valorar a súa riqueza en al-Ándalus.
- Recoñecer a importancia da herdanza musulmá no noso patrimonio.
- Comprender os conceptos clave da época en cuestión.
- Coñecer a época a través do comentario de textos e a observación de imaxes e debuxos.
- Situar no espazo e no tempo os sucesos principais relativos á orixe e expansión do Islam.

2.3.- Contidos:

- 1.- Como se expandiu o Islam?
 - 1.1.- A expansión do Islam (622-846).
 - 1.2.- A organización do Califato.
 - 1.3.- O esplendor económico e cultural.
- 2.- A conquista de al-Ándalus.
 - 2.1.- A debilidade da monarquía visigoda.
 - 2.2.- A conquista militar.
 - 2.3.- A integración de al-Ándalus no Imperio islámico.
 - 2.4.- Emirato dependente e Emirato independente.
- 3.- A evolución de al-Ándalus.
 - 3.1.- O Califato de Córdoba (929-1031).
 - 3.2.- Os reinos de taifas (1031-1248).
 - 3.3.- O reino nazarí de Granada (1238-1492).
- 4.- A agricultura andalusí.
 - 4.1.- O cultivo das terras.
 - 4.2.- Os sistemas de regadío.
- 5.- As cidades de al-Ándalus.
 - 5.1.- Unha sociedade urbana.
 - 5.2.- Artesanía e comercio.
- 6.- A cultura islámica.
 - 6.1.- O desenvolvemento das artes, das letras e das ciencias.
 - 6.2.- Os avances científicos e técnicos.
- 7.- A arte andalusí.
 - 7.1.- O predominio da arquitectura.
 - 7.2.- A arquitectura de al-Ándalus

2.4.- Criterios de avaliación:

- 1. Explicar o proceso de expansión do Islam no mundo e en al-Ándalus e saber identificar as distintas etapas da súa historia.
- 2. Analizar a evolución dos reinos cristiáns e musulmáns, nos seus aspectos socio-económicos, políticos e culturais e comprender o proceso das conquistas e a repoboación na península ibérica.
- 3. Caracterizar a sociedade e as diferentes formas de goberno existentes nas distintas etapas de al-Ándalus ao longo dos séculos de dominación musulmá, aludindo ás súas actividades económicas e ao seu xeito de organización.
- 4. Recoñecer as características da arte islámica e andalusí e identificar os monumentos de época andalusí que se conservan no noso territorio.
- 5. Explicar os trazos da cultura islámica, valorar a súa riqueza en al-Ándalus e recoñecer a importancia da herdanza musulmá no noso patrimonio.

2.5.- Estándares de aprendizaxe e competencias clave:

- 1.1. Comprende as orixes do Islam e o seu alcance posterior e interpreta mapas e eixes cronolóxicos que describen os procesos de conquista e repoboación cristiáns na península ibérica. CAA, CCL.
- 1.2. Explica a importancia de al-Ándalus na Idade Media. CAA, CCL, CCEE.
- 2.1. Describe aspectos clave da economía, a organización social, a cultura e a arte de al-Ándalus. CCEE, CCL, CSC.
- 3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos relevantes na historia de al-Ándalus e sitúalos na súa etapa correspondente. CAA, CCEE, CD.
- 4.1. Coñece as novidades culturais que introduciron os árabes na península ibérica coa súa chegada e os beneficios que isto supuxo. CMCCT, CCEE, CSIEE.
- 5.1. Describe as características da arte islámica. CCEE, CAA.

2.6.- Descritores e competencias clave:

- 1.1. Recoñece nun mapa a situación xeográfica da orixe do Islam e da posterior expansión. CAA, CCL.
- 1.1. Argumenta as razóns polas que os pobos conquistados se islamizaron sen necesidade de persecución. CAA, CCL.
- 1.2. Explica a expansión cultural e comercial dos musulmáns e a súa incidencia na península ibérica e no Mediterráneo. CAA, CCL, CCEE.
- 1.2. Identifica e expón as causas da invasión da península ibérica por parte dos musulmáns do norte de África na época da monarquía visigoda. CAA, CCL, CCEE.

- 2.1. Explica as causas polas que se produciu a independencia de Córdoba respecto ao Califato de Bagdad. CCEE, CCL, CSC
- 2.1. Explica o xeito de organización política e administrativa do Califato e como isto inflúe na súa prosperidade económica. CCEE, CCL, CSC
- 2.1. Describe, a partir dunha imaxe, as edificacións dunha cidade andalusí e as súas funcións. CCEE, CCL, CSC
- 3.1. Sitúa espazo -temporalmente os feitos máis significativos relativos á historia de al-Ándalus. CAA, CCEE, CD.
- 3.1. Compara a etapa do Califato, dos reinos de taifas e do reino nazarí. CAA, CCEE, CD.
- 3.1. Recoñece a través dunha imaxe un feito referente ao Califato de Abd al-Rahman III. CAA, CCEE, CD.
- 3.1. Describe todo o relativo á agricultura de al-Ándalus: novidades, sistemas empregados e tipos de cultivo. CAA, CCEE, CD.
- 4.1. Expón a importancia das cidades en al-Ándalus, os diferentes grupos sociais que as formaban e as actividades que se desempeñaban. CMCCT, CCEE, CSIEE.
- 4.1. Explica, a través dun exercicio imaxinativo, o xeito de funcionamento das innovacións que introduciron os árabes no mundo rural. . CMCCT, CCEE, CSIEE.
- 4.1. Identifica os factores fundamentais na difusión da sabedoría en al-Ándalus, a contribución dos emires e califas a isto e as súas achegas principais ás ciencias e á cultura. . CMCCT, CCEE, CSIEE.
- 5.1. Sabe recoñecer as características que ten a arquitectura andalusí e identificar de que época serían propias. CCEE, CAA.
- Enumera e describe os diferentes tipos de arcos e decoración ornamental andalusí. CCEE, CAA.
- Analiza, a partir dunha imaxe, os elementos e a finalidade dunha obra arquitectónica da época de al-Ándalus. CCEE, CAA.
- Caracteriza o Palacio de Medina Azahara a partir da análise detallada dun plano e a consulta a unha páxina web. CCEE, CAA.

2.7.- Contidos mínimos:

- Identifica e sitúa as fases do proceso de expansión do Islam, e deduce as repercusións do mesmo sobre a distribución das grandes relixións no mundo actual.
- Resume as causas da rápida conquista musulmá da península ibérica.
- Identifica, sitúa e caracteriza as grandes etapas da evolución política e territorial de al-Ándalus.
- Explica os trazos básicos da economía andalusí e enumera as achegas realizadas polos musulmáns.
- Caracteriza a sociedade andalusí e identifica os grupos que a compuñan.
- Sintetiza as achegas culturais e artísticas de al-Ándalus e cita obras de arte representativas.
- Define, sitúa e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

2.8.- Temporalización:

- 6 sesións lectivas.

2.9.- Procedementos e instrumentos de avaliación

- Observación do traballo diario na aula.
- Recollida e valoración das actividades realizadas no caderno de clase.
- Elaboración de mapas históricos sobre a evolución de al-Ándalus.
- Lectura e iniciación ao comentario de textos históricos sobre este período.
- Proba escrita na que se recollen os contidos mínimos indicados.

Unidade 3.- A Europa feudal.

3.1.- Competencias clave: CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC,CSIEE, CCEC

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia en conciencia e expresións culturais

3.2.- Obxectivos didácticos:

- Identificar os factores que propiciaron a aparición e o desenvolvemento do feudalismo.
- Explicar a organización social típica do feudalismo e as súas consecuencias económicas e sociais.
- Describir a composición dos estamentos da sociedade medieval e os seus trazos distintivos.
- Expor os pactos de fidelidade e vasalaxe dos distintos grupos sociais que integraban o sistema feudal.
- Analizar a nova situación social, política e cultural na época do feudalismo: estrutura e organización, xeitos de vida e relación coa Igrexa.
- Estudar a clase social fundamental que sostén o sistema feudal: o campesiñado.
- Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.
- Analizar gráficos que permiten afondar na organización social e económica da época.
- Elaborar relatos e debuxos referentes á época por medio dun exercicio imaxinativo.
- Interpretar esquemas e realizar táboas que permiten unha maior visualización do período referido.
- Comprender e definir os conceptos clave do tema.

3.3.- Contidos:

- 1.- Como se organizaba a sociedade medieval?
 - 1.1.- Un período de inseguridade.
 - 1.2.- A vasalaxe, base do feudalismo.
 - 1.3.- A sociedade estamental.
- 2.- A monarquía feudal.
 - 2.1.- O carácter sagrado e patrimonial.
 - 2.2.- Os poderes do rei.
 - 2.3.- Reis e emperadores.
- 3.- Os privilexiados: a nobreza.
 - 3.1.- Os nobres: cabaleiros e damas.
 - 3.2.- A vida no castelo
 - 3.3.- Vida e actividades dos cabaleiros.
- 4.- Os privilexiados: o clero.
 - 4.1.- A Igrexa regulaba a vida social.
 - 4.2.- Unha institución rica e influente.
 - 4.3.- A organización da Igrexa.
 - 4.4.- A vida nos mosteiros: o clero regular.
- 5.- O feudo: señores e campesiños.
 - 5.1.- Os señores vivían das rendas señoriais.
 - 5.2.- Os campesiños traballaban as terras.
- 6.- Por que eran tan dura a vida dos campesiños?
 - 6.1.- Os labores do campo. Como transcorría o ano dos campesiños.
 - 6.2.- Producir para o consumo diario.

3.4.- Criterios de avaliación:

- 1. Identificar os factores que propiciaron a aparición e o desenvolvemento do feudalismo tras a morte de Carlomagno, explicar a organización social feudal e as súas consecuencias económicas e sociais.
- 2. Explicar a composición dos estamentos da sociedade medieval, os seus trazos distintivos e os pactos de fidelidade e vasalaxe dos distintos grupos sociais que integraban o sistema feudal.
- 3. Analizar a nova situación social, política e cultural na época do feudalismo: estrutura e organización, xeitos de vida e relación coa Igrexa.
- 4. Estudar a clase social fundamental que sostén o sistema feudal: o campesiñado.
- 5. Entender o concepto de crise e as súas consecuencias económicas e sociais.

3.5.- Estándares de aprendizaxe e competencias clave:

- 1.1. Caracteriza o feudalismo como o novo xeito de organización e goberno da sociedade tras a descomposición do Imperio carolinxio. CAA, CCL, CCEE, CSC.
- 2.1. Expón a sociedade feudal e os seus compoñentes, a súa organización económica, a importancia da figura do rei. CCEE, CSC, CCL, CAA.
- 3.1. Explica a situación de Europa tras a fragmentación do Imperio de Carlomagno: a división en reinos e o nacemento do Sacro Imperio Romano Xermánico. CCEE, CAA, CSC.
- 3.2. Coñece os trazos fundamentais da vida cotiá na sociedade feudal: a importancia da Igrexa e a súa estrutura xerárquica e a figura do campesiño. CCEE, CSC, CAA.
- 3.3. Describe como era un castelo medieval e como vivían os seus habitantes, facendo especial fincapé nas actividades que realizaba o señor do castelo. CSC, CAA, CCEE.
- 4.1. Explica a importancia do campesiñado na sociedade feudal: administración dos campos, actividades desempeñadas, dereitos e deberes e relación cos señores. CSC, CCEE, CCL.

- 5.1. Comprende o impacto dunha crise demográfica e económica nas sociedades medievais europeas. CCEE, CAA, CSIEE.

3.6.- Descritores e competencias clave:

- 1.1. Explica detalladamente que é o feudalismo a partir dos conceptos clave que a el se refiren. CAA, CCL, CCEE, CSC.
- 1.1. Analiza a relación entre as invasións dos séculos IX e X e o nacemento do feudalismo. CAA, CCL, CCEE, CSC.
- 1.1. Coñece a organización da sociedade feudal: xerarquía e diferenza entre os estamentos. CAA, CCL, CCEE, CSC.
- 2.1. Fai, a través dun exercicio imaxinativo, unha aproximación ao pacto de vasalaxe e á relación entre monarca e nobre. CCEE, CSC, CCL, CAA.
- 2.1. Explica o papel do rei na sociedade feudal e diferénciao do papel que tiña o emperador dentro da Cristiandade. CCEE, CSC, CCL, CAA.
- 2.1. Comenta un texto de Afonso X no que se expón o carácter sagrado do rei. CCEE, CSC, CCL, CAA.
- 2.1. Coñece as insignias reais e sábeas identificar nunha imaxe referente a Carlos IV. CCEE, CSC, CCL, CAA.
- 2.1. Aproxímase á figura nobiliaria do cabaleiro mediante un exercicio imaxinativo. CCEE, CSC, CCL, CAA.
- 2.1. Explica os trazos principais da vida cabaleiresca: a guerra, os torneos e as xustas e tamén o amor cortés. CCEE, CSC, CCL, CAA.
- 3.1. Identifica nun mapa os principais reinos no século XI e os seus trazos comúns. CCEE, CAA, CSC.
- Explica o Sacro Imperio Romano: creación e papel do emperador. CCEE, CAA, CSC.
- 3.2. Expón o papel da Igrexa na Idade Media, a súa influencia na vida cotiá da comunidade e as normas relixiosas que a rexían. CCEE, CSC, CAA.
- 3.2. Coñece a organización xerárquica da sociedade e da Igrexa e explica a función e as relacións entre os seus compoñentes. CCEE, CSC, CAA.
- 3.3. Analiza un castelo medieval: situación, descrición das súas construcións, actividades que nel se desempeñaban e exemplifícao nun caso concreto. CSC, CAA, CCEE.
- 4.1. Define o termo feudo, coñece os seus elementos e o procedemento para ser señor dun deles e os dereitos deste último. CSC, CCEE, CCL.
- 4.1. Expón a figura do campesiño, os seus dereitos e as diferenzas entre un libre e un servo, e enumera as súas obrigas a partir dun texto da época. CSC, CCEE, CCL.
- 4.1. Analiza a vida do campesiño facendo referencia á administración dos campos, o tipo de agricultura que practicaban, os instrumentos que utilizaban e a súa vestimenta. CSC, CCEE, CCL.
- 5.1. Interpreta un texto relativo ás malas colleitas expondo as súas causas e consecuencias, o tipo de vida que disto se derivou e a diferenza respecto ás situacións actuais. CCEE, CAA, CSIEE.

3.7.- Contidos mínimos:

- Resume os factores que propiciaron o desenvolvemento do sistema feudal.
- Explica en que consiste a vasalaxe, as partes implicadas e as obrigas mutuas que contraían.
- Sintetiza os trazos definitorios e a organización da sociedade feudal.
- Explica a composición, as funcións e os modos de vida característicos de cada un dos tres estamentos da sociedade feudal: a nobreza, o clero e o terceiro estado.
- Valora a importancia teórica e o papel real das monarquías feudais europeas.
- Explica a organización da Igrexa na Idade Media e a súa importancia na vida social e política.
- Describe a organización e funcionamento dun feudo e analiza as relacións entre señores e campesiños.
- Define, sitúa e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

3.8.- Temporalización:

- 8 sesións lectivas.

3.9.- Procedementos e instrumentos de avaliación

- Observación do traballo diario na aula.
- Recollida e valoración das actividades realizadas no caderno de clase.
- Elaboración de mapas históricos sobre a Europa dos séculos VIII a X.
- Elaboración dun esquema / mapa conceptual sobre a vasalaxe e a pirámide feudal.
- Descrición e comentario de debuxos, planos ou ilustracións sobre un castelo e un feudo.
- Lectura e iniciación ao comentario de textos históricos sobre este período.
- Proba escrita na que se recollen os contidos mínimos indicados.

Unidade 4.- A orixe dos primeiros reinos peninsulares (séculos VIII-XIII).

4.1.- Competencias clave: CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC,CSIEE, CCEC

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia en conciencia e expresións culturais

4.2.- Obxectivos didácticos:

- Explicar a importancia dos reinos cristiáns da península ibérica durante a Idade Media e a súa evolución.
- Expor o desenvolvemento dos reinos de León e de Castela.
- Describir a evolución do reino de Galicia do século VIII ao XIII.
- Identificar e describir a orixe e evolución dos condados e os reinos pirenaicos.
- Entender a importancia do Camiño de Santiago na Idade Media e valorar a achega cultural das comunidades peregrinas.
- Comprender que eran as repoboacións, como se realizaron e de que forma evolucionaron.
- Expor a ofensiva territorial dos reinos cristiáns entre os séculos XI e XII e a consecuente evolución das fronteiras dos seus reinos.
- Describir os trazos básicos da economía e a organización social de Galicia nos inicios da Idade Media.
- Situar no espazo e no tempo os sucesos principais relativos á formación dos primeiros reinos peninsulares.
- Comentar textos e observar imaxes e debuxos que reflicten os elementos fundamentais desta época.
- Organizar a información en esquemas e táboas.
- Coñecer a importancia de personaxes destacados deste período histórico, entre eles o Cid Campeador.
- Elaborar relatos que se refiran á época por medio dun exercicio imaxinativo.

4.3.- Contidos:

- 1.- Como se formaron os primeiros reinos e condados cristiáns?
 - 1.1.- A formación do reino de Asturias.
 - 1.2.- A Marca Hispánica e os primeiros condados e reinos pirenaicos.
- 2.- De reino de Asturias a reino de León.
 - 2.1.- A ocupación do val do Douro.
 - 2.2.- A creación do reino de León.
 - 2.3.- Século X: a fronteira estabilízase.
 - 2.4.- Como se orixinou o reino de Castela?
- 3.- O reino de Galicia do século VIII ao século XIII.
 - 3.1.- O reino de Galicia dentro do reino de Asturias.
 - 3.2.- Galicia nos séculos X e XI.
 - 3.3.- Galicia nos séculos XII e XIII.
- 4.- Os condados e reinos pirenaicos.
 - 4.1.- O reino de Pamplona.
 - 4.2.- Aragón, de condado a reino.
 - 4.3.- Os condados cataláns.
- 5.- O Camiño de Santiago.
 - 5.1.- A ruta xacobeá.
 - 5.2.- A peregrinación.
- 6.- O avance dos reinos cristiáns (séculos XI a XIII).
 - 6.1.- A debilitación de al-Ándalus.
 - 6.2.- A expansión de Castela e León polo val do Texo.
 - 6.3.- A conquista do val do Ebro.
- 7.- A repoboación dos territorios conquistados.
 - 7.1.- Que foron as repoboacións?
 - 7.2.- A repoboación do val do Douro.
- 8.- Sociedade e economía en Galicia.
 - 8.1.- A formación do feudalismo en Galicia.
 - 8.2.- Nobres, bispos e abades.
 - 8.3.- Os campesiños e as vilas.
 - 8.4.- O apoxeo económico dos séculos XII e XIII.
- 9.- A consolidación dos reinos peninsulares.

- 9.1.- A Coroa de Castela.
- 9.2.- O reino de Portugal.
- 9.3.- A formación da Coroa de Aragón.
- 9.4.- O reino de Navarra.

4.4.- Criterios de avaliación:

- 1. Explicar a importancia dos reinos cristiáns da península ibérica durante a Idade Media e a súa evolución.
- 2. Expor o desenvolvemento de León e de Castela.
- 3. Entender a importancia do Camiño de Santiago na Idade Media e valorar a achega cultural das comunidades peregrinas.
- 4. Comprender que eran as repoboacións, como se realizaron e evolucionaron.
- 5. Expor a ofensiva territorial dos reinos cristiáns entre os séculos XI e XII e a consecuente evolución das fronteiras dos seus reinos.
- 6. Coñecer a importancia de certos personaxes destacados relacionados co período histórico estudado.

4.5.- Estándares de aprendizaxe e competencias clave:

-
- 1.1. Describe os procesos de formación e expansión dos reinos cristiáns da Península na Idade Media: reino de Asturias, reino de Pamplona, os condados aragoneses e os condados cataláns. CSC, CCEE, CD.
- 2.1. Explica a ocupación dos territorios desde a Cordilleira Cantábrica ata o río Douro: a repoboación, a formación e o crecemento do reino de León e a súa evolución ata se converter no condado e posteriormente no reino de Castela. CCEC, CCL, CSC.
- 2.2. Desenvolve o proceso de liberación dos condados pirenaicos respecto ao dominio franco: o reino de Pamplona, o reino de Aragón e os condados cataláns. CCL, CSC.
- 3.1. Explica a importancia do Camiño de Santiago ao longo da Idade Media, como posibilidade do intercambio cultural con distintos puntos de Europa. CD, CCEE, CSIEE.
- 4.1. Expón o proceso de repoboación das terras conquistadas a al-Ándalus polos reis cristiáns: tipos de repoboación, xeitos de vida, actividades e organización. CCL, CCEE, CAA.
- 5.1. Coñece os principais feitos relativos ao avance dos reinos cristiáns: debilitación de al-Ándalus e reconquista e incorporación de territorios. CCEE, CCL, CAA.
- 5.2. Desenvolve a consolidación dos reinos peninsulares: a coroa de Castela, o reino de Portugal, a coroa de Aragón e o reino de Navarra. CD, CAA, CSC.
- 6.1. Coñece a importancia de Rodrigo Díaz de Vivár: o Cid. CD; CCL; CCEE, CCIEE.

4.6.- Descritores e competencias clave:

- 1.1. Identifica as áreas da Península non dominadas polo Emirato de Córdoba e expón a formación do reino de Asturias e a importancia de Pelaio. CSC, CCEE, CD.
- 1.1. Explica a creación dos núcleos de resistencia pirenaicos, a súa diferenza cos cantábricos e a formación da Marca Hispánica. CSC, CCEE, CD.
- 1.1. Describe a batalla de Roncesvalles e coñece o personaxe do cabaleiro Roldán. CSC, CCEE, CD.
- 2.1. Expón a expansión do reino asturleonés, os territorios que ocupou e sitúa a súa fronteira. CCL, CSC.
- 2.1. Describe a ocupación do Douro, a creación do reino leonés e a fin da súa expansión. CCL, CSC.
- 2.1. Identificación, análise, comparación e contextualización de dúas crónicas relativas á batalla de Simancas por conquistar o reino de León. CCL, CSC.
- 2.1. Explica a creación do condado de Castela, as razóns polas que se declarou independente do reino, o seu primeiro rei e que territorios gobernaba. CCL, CSC.
- 2.2. Describe a reacción dos condados fronte ao Imperio carolinxio, os núcleos formados tras a disolución da Marca Hispánica e a súa situación. CCL, CSC.
- 2.2. Coñece a figura de Sancho o Maior, enumera os territorios que uniu baixo a súa coroa e describe a división do seu reino á súa morte. CCL, CSC.
- 3.1. Explica a orixe do Camiño de Santiago, a súa ruta e as consecuencias que supuxo o fluxo de peregrinos provenientes de Europa. P. CD, CCEE, CSIEE.
- 3.1. Elabora un relato referente á peregrinación, tendo en conta os motivos, os lugares visitados e as impresións. CD, CCEE, CSIEE.
- 4.1. Explica en que consistiron as repoboacións e os seus modelos, sitúaa nun mapa e comenta dous textos relativos a elas. CCL, CCEE, CAA.
- 5.1. Explica os efectos da chegada dos almorávides e almohades para o proceso de conquista. CCEE, CCL, CAA.
- 5.1. Sitúa nun mapa as conquistas dos distintos reinos e condados cristiáns e analiza as relacións existentes entre eles. CCEE, CCL, CAA.
- 5.2. Cita os monarcas de Castela e León nos séculos XI-XIII: o reinado por separado e a unión definitiva. CD, CAA, CSC.

- 5.2. Expón a formación da Coroa de Aragón, os territorios que incluía e o seu primeiro rei. CD, CAA, CSC.
- 5.2. Sitúa no espazo e no tempo os reinos peninsulares nos séculos XII e XIII. CD, CAA, CSC.
- 6.1. Coñece o personaxe do Cid: biografía, relación con Afonso VI e mitificación. CD; CCL; CCEE, CCIEE.
- 6.1. Analiza, por medio dun traballo grupal, o Cantar de Mío Cid e as xestas do personaxe. CD; CCL; CCEE, CCIEE.

4.7.- Contidos mínimos:

- Localiza nun mapa os diferentes núcleos cristiáns de resistencia á dominación islámica na Península.
- Elabora un sinxelo esquema sobre a evolución deses mesmos núcleos entre os séculos VIII e X, relacionándoos entre si e coa situación de al-Ándalus.
- Explica a orixe do Camiño de Santiago, describe a ruta xacobeá e valora as consecuencias que supuxo o fluxo de peregrinos.
- Resume os fitos básicos da expansión territorial dos reinos peninsulares entre os séculos XI e XII.
- Asocia este proceso de reconquista co paralelo proceso de repoboación das terras ocupadas.
- Identifica os trazos esenciais da organización económica e social dos Estados cristiáns peninsulares.
- Identifica e sitúa no espazo os Estados que formaban a península ibérica no século XIII.
- Define, sitúa e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

4.8.- Temporalización:

- 6 sesións lectivas.

4.9.- Procedementos e instrumentos de avaliación

- Observación do traballo diario na aula.
- Recollida e valoración das actividades realizadas no caderno de clase.
- Elaboración de mapas sobre a evolución territorial dos Estados peninsulares entre os séculos VIII e XIII.
- Elaboración e exposición en clase dun breve informe sobre o Camiño de Santiago.
- Lectura e iniciación ao comentario de textos históricos sobre este período.
- Proba escrita na que se recollen os contidos mínimos indicados.

Unidade 5.- A cultura e a arte do Románico.

5.1.- Competencias clave: CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia en conciencia e expresións culturais

5.2.- Obxectivos didácticos:

- Coñecer a importancia da Igrexa na Idade Media e a súa estreita vinculación coa eclosión dun novo estilo artístico: o Románico.
- Explicar a vida monástica: organización, ordes, normas, partes do mosteiro e as súas funcións.
- Expor as características da arquitectura románica: as igrexas e as súas partes.
- Describir a pintura románica: características e función.
- Identificar as características da escultura románica e a súa relación coa arquitectura.
- Analizar obras artísticas do Románico nas súas tres expresións: arquitectura, escultura e pintura.
- Coñecer a presenza do Románico na península ibérica.
- Explicar as etapas da arte románica ibérica e a súa plenitude.
- Expor as obras artísticas máis representativas do Románico na Península e en Galicia.
- Situar nun mapa os territorios principais nos que se desenvolveu a arte Románica.

5.3.- Contidos:

- 1.- O Románico, unha arte esencialmente relixiosa.
 - 1.1.- O xurdimento dun novo estilo: o Románico.
 - 1.2.- Desenvolvemento e expansión do Románico.

- 1.3.- Unha cultura en mans da Igrexa.
- 2.- A arquitectura románica: as igrexas.
 - 2.1.- A planta.
 - 2.2.- Bóvedas, muros e arcos.
 - 2.3.- A portada.
- 3.- A pintura románica.
 - 3.1.- Trazos básicos da pintura románica.
 - 3.2.- Técnicas e soportes.
- 4.- A escultura románica.
 - 4.1.- Unha escultura subordinada á arquitectura.
 - 4.2.- As portadas, unha Biblia en pedra.
- 5.- O Románico na península ibérica.
 - 5.1.- A arquitectura.
 - 5.2.- A escultura e a pintura.
- 6.- A arte románica en Galicia.
 - 6.1.- A arquitectura.
 - 6.2.- A escultura.
 - 6.3.- A pintura.

5.4.- Criterios de avaliación:

- 1. Recoñecer a importancia da Igrexa e dos mosteiros na Idade Media.
- 2. Analizar as formas de expresión artística do Románico: arquitectura, pintura e escultura.
- 3. Explicar a influencia da arte románica na península ibérica.

5.5.- Estándares de aprendizaxe e competencias clave:

- 1.1. Coñece a importancia da Igrexa na Idade Media e a súa estreita vinculación coa eclosión dun novo estilo artístico: o Románico. CCEC, CSC, CSIEE.
- 1.2. Explica a vida monástica: organización, ordes, normas de conduta, partes do mosteiro e as súas funcións. CCEE, CSC.
- 2.1 Expón as características da arquitectura románica: as igrexas e as súas partes. CCEE, CCL, CAA.
- 2.2 Describe a pintura románica: características e funcións. CCEE, CAA.
- 2.3 Expón as características da escultura románica: relación coa arquitectura e análise das súas obras. CCEE, CAA, CSIEE.
- 3.1 Coñece a presenza do Románico na península ibérica e en Galicia: orixe, etapas, plenitude e obras arquitectónicas, escultóricas e pictóricas máis representativas. CSIEE, CCEE.

5.6.- Descritores e competencias clave:

- 1.1. Explica os factores que favoreceron a construción de novas igrexas no século XI e o estilo artístico ao que pertencían. CCEC, CSC, CSIEE.
- 1.1. Sitúa nun mapa as principais rutas de peregrinación e o seu papel na expansión do Románico. CCEC, CSC, CSIEE.
- 1.1. Expón o papel cultural da Igrexa na Alta Idade Media. CCEC, CSC, CSIEE.
- 1.2. Describe, buscando información na rede, as partes do mosteiro e coñece a súa función. CCEE, CCL, CAA.
- 1.2. Define que era unha regra monástica e as obrigas que lles impuña aos seus membros. CCEE, CCL, CAA.
- 1.2. Expón, mediante exemplos, a máxima *ora et labora* como actividade principal na vida que practicaban os monxes. CCEE, CCL, CAA.
- 1.2. Comenta un texto relativo á vida monástica da orde dos cartuxos e compáraa coa vida dos beneditinos. CCEE, CCL, CAA.
- 2.1. Describe as partes da planta dunha igrexa románica e os elementos que a sosteñen. CCEE, CCL, CAA.
- 2.1. Define as partes da igrexa e diferencia a bóveda de canón da bóveda de aresta. CCEE, CCL, CAA.
- 2.1. Coñece as características que ten a arte románica. CCEE, CCL, CAA.
- 2.2. Explica a función da pintura románica, os seus caracteres comúns e os seus elementos. CCEE, CAA.
- 2.2. Compara as representacións do Pantocrátor e do Theotokos. Analiza unha pintura románica: situación, descrición, composición e cor, técnica e interpretación. CCEE, CAA.
- 2.2. Organiza a información relativa a unha pintura e escultura románicas nunha táboa: cronoloxía, soporte, cores, escena representada e características. CCEE, CAA.
- 2.3. Explica a relación entre a escultura e a arquitectura románicas e exemplifícaa con obras que son desa época. CCEE, CAA, CSIEE.

- 2.3. Describe a Virxe de Arnedo: material, cor e identificación das características do Románico. CCEE, CAA, CSIEE.
- 2.3. Analiza as representacións que teñen os capiteis das columnas e pode comentalas en relación á súa época. CCEE, CAA, CSIEE.
- 3.1. Identifica as zonas de desenvolvemento da arte románica na península ibérica e explica as causas de que se dese nelas. CSIEE, CCEE.
- 3.1. Expón as influencias que recibiu a arquitectura románica peninsular e exemplifícao. CSIEE, CCEE.
- 3.1. Explica as causas polas que en Galicia existen numerosos monumentos románicos e sinala os máis destacados. CSIEE, CCEE.

5.7.- Contidos mínimos:

- Identifica os factores que propiciaron o xurdimento, desenvolvemento e expansión do estilo románico.
- Valora o papel que exerceu a Igrexa católica na cultura e na arte neste período.
- Resume os trazos definitorios da arquitectura románica e identifícaos sobre un plano, un debuxo ou unha ilustración.
- Describe o funcionamento dun mosteiro medieval: dependencias, personaxes, modos de vida...
- Resume os trazos definitorios da escultura e da pintura románicas e identifícaos sobre un debuxo ou unha ilustración.
- Elabora un sinxelo esquema sobre a evolución da arte románica na península ibérica.
- Define, sitúa e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

5.8.- Temporalización:

- 5 sesións lectivas.

5.9.- Procedementos e instrumentos de avaliación

- Observación do traballo diario na aula.
- Recollida e valoración das actividades realizadas no caderno de clase.
- Análise dunha obra de arte románica: unha igrexa, unha escultura e unha pintura.
- Elaboración dun mapa da península ibérica no que se sitúen as manifestacións artísticas máis significativas. do Románico.
- Elaboración e exposición dun traballo de grupo sobre as particularidades da arte románica en Galicia.
- Proba escrita nas que se recollen os contidos mínimos indicados.

Unidade 6.- As cidades da Europa medieval.

6.1.- Competencias clave: CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia en conciencia e expresións culturais

6.2.- Obxectivos didácticos:

- Desenvolver as causas que favoreceron o aumento da produción agraria e, en consecuencia, o crecemento da poboación e a vida urbana.
- Caracterizar a cidade medieval analizando os seus aspectos sociais, económicos, gobernamentais e organizativos.
- Describir o auxe da burguesía durante a Baixa Idade Media.
- Analizar as actividades esenciais para o crecemento das sociedades urbanas: a artesanía e o comercio.
- Explicar a relación simbiótica entre a monarquía e a clase social nacente, a burguesía.
- Coñecer a orixe das Cortes e o Parlamento e describir a súa función.
- Expor as causas do afianzamento do poder real e o seu prezo.
- Analizar a crise da Baixa Idade Media, as súas causas e consecuencias.
- Desenvolver as revoltas e os conflitos urbanos e campesiños que tiveron lugar neste período.
- Situar no espazo e no tempo os sucesos principais relativos ao crecemento das cidades a partir do século XII e á súa posterior crise.

- Comentar textos e observar imaxes e debuxos relativos ao tema en cuestión.
- Interpretar esquemas que permiten unha maior visualización do período referido.

6.3.- Contidos:

- 1.- Por que medraron as cidades?
 - 1.1.- A fin das grandes invasións.
 - 1.2.- A expansión agraria.
 - 1.3.- Crecemento da poboación e roturacións.
 - 1.4.- O renacemento do comercio e das cidades.
- 2.- As cidades medievais.
 - 2.1.- A localización urbana.
 - 2.2.- Como era o espazo urbano.
- 3.- Os grupos sociais.
 - 3.1.- A aparición da burguesía.
 - 3.2.- Outros grupos sociais.
 - 3.3.- O goberno da cidade.
- 4.- A economía urbana.
 - 4.1.- Os artesáns e os gremios.
 - 4.2.- O mercado urbano.
- 5.- A expansión comercial.
 - 5.1.- As grandes feiras.
 - 5.2.- As rutas marítimas de longa distancia.
- 6.- Europa na Baixa Idade Media.
 - 6.1.- O afianzamento do poder real.
 - 6.2.- A burguesía apoia os monarcas.
 - 6.3.- Cortes e Parlamentos.
 - 6.4.- As causas da crise baixomedieval.
- 7.- Que foi a Peste Negra?
 - 7.1.- A peste, unha epidemia imparable.
 - 7.2.- Consecuencias da peste negra.

6.4.- Criterios de avaliación:

- 1. Coñecer as razóns que estimularon o renacemento da vida urbana: consecuencias da expansión agraria e comercial que se produciu en Europa occidental a partir do século XI.
- 2. Describir as características das cidades medievais e dos grupos sociais que vivían nelas: formas de goberno e actividades económicas.
- 3. Explicar a importancia da burguesía e o seu papel fundamental no desenvolvemento de Europa na Baixa Idade Media.
- 4. Entender o concepto de crise, as súas causas e as súas consecuencias económicas e sociais

6.5.- Estándares de aprendizaxe e competencias clave:

- 1.1. Desenvolve as causas que favoreceron o aumento de produción agraria e, en consecuencia, o crecemento da poboación e a vida urbana. CCL, CAA, CSC.
- 2.1. Caracteriza a cidade medieval analizando os seus aspectos sociais, económicos, gobernamentais e organizativos, e o auxe da burguesía durante a Baixa Idade Media. CAA, CSC, CCEC.
- 2.2. Analiza as actividades esenciais para o crecemento das sociedades urbanas: a artesanía e o comercio. CCL, CCEC, CAA, CSC, CSIEE.
- 3.1. Explica a relación entre a monarquía e a clase social nacente, a burguesía: o afianzamento do poder real a cambio de liberdade persoal e seguridade para desenvolver a actividade comercial. CAA, CCL, CSC.
- 4.1. Analiza a crise da Baixa Idade Media, as súas causas e consecuencias, e explica as revoltas e os conflitos urbanos e campesiños que tiveron lugar neste período. CLL, CAA. CSC, CSC.

6.6.- Descritores e competencias clave:

- 1.1. Explica as innovacións nas técnicas de cultivo do século XI que favoreceron a expansión agraria: rotación trienal, o arado normando e tamén o muíño de auga. CCL, CAA, CSC.
- 1.1. Desenvolve a evolución da poboación entre os anos 500 e 1300 e as súas causas. CCL, CAA, CSC.
- 1.1. Redacta, a partir dun esquema, os cambios que permitiron que renaceran as cidades durante o século XII. CCL, CAA, CSC.
- 2.1. Expón, a partir dun debuxo, todo o relativo a unha cidade medieval: localización, distribución dos edificios, etc. CAA, CSC, CCEC.

- 2.1. Coñece os distintos grupos e subgrupos sociais que constituían as cidades e o xeito de goberno presente nelas. CAA, CSC, CCEC.
- 2.1. Explica quen son os xudeus, a vida das súas comunidades na Idade Media, a diferenza principal entre a súa relixión e o cristianismo e todo o relativo á sinagoga como lugar de culto. CAA, CSC, CCEC.
- 2.2. Describe a figura do artesán: lugar de traballo, xeito de vida e de agrupación e categorías. CCL, CCEC, CAA, CSC, CSIEE.
- 2.2. Elabora unha narración e unha simulación sobre a vida no mercado. CCL, CCEC, CAA, CSC, CSIEE.
- 2.2. Explica que eran as feiras e as de maior importancia. CCL, CCEC, CAA, CSC, CSIEE.
- 2.2. Coñece as principais comerciais na Idade Media e os produtos cos que se comerciaba en cada unha delas. CCL, CCEC, CAA, CSC, CSIEE.
- 2.2. Desenvolve as causas da reactivación da circulación monetaria e a nova forma de pagamento que se creou. CCL, CCEC, CAA, CSC, CSIEE.
- 2.2. Describe, a partir dunha imaxe, un porto comercial: actividades, formas de descarga e transporte das mercadorías. CCL, CCEC, CAA, CSC, CSIEE.
- 3.1. Explica o aumento de poder dos monarcas grazas ao apoio da burguesía e os motivos da presenza desta última nas Cortes. CAA, CCL, CSC.
- 3.1. Coñece os grandes reinos de Europa Occidental a mediados do século XIV e identifícaos con países europeos actuais. CAA, CCL, CSC.
- 4.1. Desenvolve, a partir dun esquema, as causas dunha época de crise en Europa a partir do século XIV. CCL, CAA, CSC, CSC.
- 4.1. Expón a Guerra dos Cen Anos como confrontación entre a idea da monarquía feudal e a de monarquía nacional. CCL, CAA, CSC, CSC.
- 4.1. Explica a Peste Negra: a súa orixe e propagación por Europa, a imposibilidade de pórllle freo e os seus efectos demográficos, económicos, sociais e relixiosos. CCL, CAA, CSC, CSC.

6.7.- Contidos mínimos:

- Explica os factores que permitiron a recuperación da vida urbana na Plena Idade Media (XI-XIII).
- Describe a organización dunha cidade medieval: localización, plano, edificios máis importantes...
- Identifica e explica as modificacións que o renacemento urbano introduciu na sociedade feudal.
- Explica como se organizaban as actividades económicas que se desenvolvían na cidade medieval.
- Localiza sobre un mapa as rutas do comercio e os principais centros comerciais deste período.
- Explica as causas e identifica as principais manifestacións da crise baixomedieval nos diferentes ámbitos: demografía, economía, sociedade, organización política e relixiosidade.
- Define, sitúa e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

6.8.- Temporalización:

- 9 sesións lectivas.

6.9.- Procedementos e instrumentos de avaliación

- Observación do traballo diario na aula.
- Recollida e valoración das actividades realizadas no caderno de clase.
- Elaboración de mapas históricos sobre a localización das principais cidades medievais e as relacións comerciais que se estableceron entre elas.
- Descrición e comentario de debuxos, planos ou ilustracións sobre unha cidade medieval.
- Elaboración dun esquema / mapa conceptual sobre a crise da Baixa Idade Media.
- Proba escrita na que se recollen os contidos mínimos indicados.

Unidade 7.- Os grandes reinos peninsulares. Séculos XIII-XV.

7.1.- Competencias clave: CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia en conciencia e expresións culturais

7.2.- Obxectivos didácticos:

- Describir a importancia da batalla das Navas de Tolosa como suceso fundamental para o debilitación das taifas musulmás e a expansión dos reinos cristiáns.
- Expor o xeito de repoboación das terras conquistadas e comparar o propio dos distintos reinos.
- Explicar a Coroa de Castela e o seu papel protagonista na expansión dos reinos cristiáns.
- Coñecer a importancia da transhumancia e a Mesta nunha sociedade fundamentalmente gandeira.
- Explicar a Coroa de Aragón e a peculiaridade do seu goberno: unha Coroa, varios reinos.
- Analizar a forma de goberno, tipo de economía e xeito de organización social da Coroa de Castela e de Aragón.
- Desenvolver os enfrontamentos sociais que tiveron lugar en Castela e Aragón, as causas e consecuencias.
- Analizar as causas e repercusións das revoltas irmandiñas.
- Comparar mapas históricos.
- Comentar textos e observar imaxes e debuxos que permiten unha maior aproximación á época.
- Organizar a información do período referido recorrendo a unha táboa.
- Elaborar un eixe cronolóxico no que aparezan os acontecementos e os personaxes máis relevantes na consolidación dos reinos peninsulares.

7.3.- Contidos:

- 1.- A consolidación dos reinos hispánicos.
 - 1.1.- A expansión da Coroa de Castela.
 - 1.2.- A expansión da Coroa de Aragón.
- 2.- A repoboación dos novos territorios.
 - 2.1.- Que eran as ordes militares?
 - 2.2.- Os repartimentos crearon grandes latifundios.
 - 2.3.- Os repoboadores.
- 3.- A Coroa de Castela.
 - 3.1.- As institucións de goberno.
 - 3.2.- Unha economía gandeira.
 - 3.3.- A sociedade estamental.
- 4.- A transhumancia.
 - 4.1.- A transhumancia e a Mesta.
 - 4.2.- O destino da la.
 - 4.3.- As feiras castelás.
- 5.- A Coroa de Aragón.
 - 5.1.- Unha Coroa, varios reinos.
 - 5.2.- O dinamismo comercial.
 - 5.3.- O crecemento da burguesía.
 - 5.4.- A expansión aragonesa polo Mediterráneo.
- 6.- Os conflitos sociais e políticos na Baixa Idade Media.
 - 6.1.- Da peste negra aos pogroms.
 - 6.2.- A guerra civil na Coroa de Aragón.
 - 6.3.- A rebelión nobiliaria en Castela.
- 7.- Conflitos sociais na Baixa Idade Media en Galicia.
 - 7.1.- As irmandades.
 - 7.2.- As guerras irmandiñas.
- 8.- A península ibérica: crisol de culturas.
 - 8.1.- O legado dos xudeus.
 - 8.2.- O legado dos mudéxares.
 - 8.3.- O encontro de culturas: as Escolas de Tradutores.

7.4.- Criterios de avaliación:

- 1. Coñecer os feitos que posibilitaron a consolidación e evolución dos reinos hispánicos e localizar nun mapa o desenvolvemento da Reconquista dos reinos de Castela, Portugal e a Coroa de Aragón.
- 2. Describir a forma na que se efectuou a repoboación dos territorios conquistados polos reinos cristiáns.
- 3. Explicar a organización do poder e as institucións e a economía gandeira de goberno da Coroa de Castela.
- 4. Expor a organización do poder e as institucións da Coroa de Aragón.
- 5. Describir a convivencia entre varias culturas na península ibérica.
- 6. Analizar a crise económica, social e política que tivo lugar na Baixa Idade Media na Coroa de Castela e na Coroa de Aragón.

7.5.- Estándares de aprendizaxe e competencias clave:

- 1.1. Describe a importancia da batalla das Navas de Tolosa como suceso fundamental para o debilitación das taifas musulmás e tamén a expansión dos reinos cristiáns. CCS, CCEC, CAA.
- 2.1. Expón o xeito de repoboación das terras conquistadas e compara os distintos reinos. CSC, CAA, CCL.
- 3.1. Explica a Coroa de Castela e o seu papel protagonista na expansión dos reinos cristiáns: forma de goberno, tipo de economía e xeito de organización social. CAA, CSIEE, CSC.
- 3.2. Expón a importancia da transhumancia e a Mesta nunha sociedade fundamentalmente gandeira. CSIEE, CD, CCEC, CAA, CCL.
- 4.1. Explica a Coroa de Aragón e a peculiaridade do seu goberno: unha Coroa, varios reinos. Analiza a súa forma de goberno, tipo de economía e xeito de organización social. CAA, CCIEE, CSC, CD.
- 5.1. Expón a riqueza cultural que promoveu o encontro entre a cultura cristiá, xudía e musulmá. CCEC, CAA, CCL.
- 6.1. Desenvolve os enfrontamentos sociais que tiveron lugar en Castela, Aragón e Galicia e as súas causas e consecuencias. CAA, CMCCT, CSC.

7.6.- Descritores e competencias clave:

- 1.1. Explica, mediante un debuxo, a batalla das Navas de Tolosa: bandos rivais e consecuencias. CCS, CCEC, CAA.
- 1.1. Desenvolve, seguindo un mapa, o avance de Castela e León e de Portugal, e a expansión militar de Aragón no século XIII.
- 1.1. Expón o cambio que se produciu no século XIII respecto ás dificultades dos séculos anteriores para a conquista de territorios por parte dos cristiáns.
- 2.1. Define que eran as ordes militares, as participantes na conquista e repoboación dos territorios musulmáns e as zonas nas que se situaron. CSC, CAA, CCL.
- 2.1. Explica o sistema de reparticións e comenta un texto relativo a esta. CSC, CAA, CCL.
- 2.1. Elabora unha táboa comparativa entre os repoboadores de Castela e de Aragón. CSC, CAA, CCL.
- 3.1. Describe o goberno da Coroa de Castela na Idade Media, o papel das súas institucións e as súas principais actividades económicas. CAA, CSIEE, CSC.
- 3.1. Explica que eran as Cortes e as súas funcións, os grupos sociais que participaban nelas e os seus intereses e os do monarca que as convocaba. CAA, CSIEE, CSC.
- 3.2. Define a Mesta e a transhumancia e investiga se é unha actividade presente hoxe en día mediante a procura de información na rede. CSIEE, CD, CCEC, CAA, CCL.
- 3.2. Expón a negatividade da exportación de la para o desenvolvemento da burguesía en Castela e comenta un texto relativo á súa formulación nas Cortes. CSIEE, CD, CCEC, CAA, CCL.
- 4.1. Identifica os territorios que formaban a Coroa de Aragón, xeito de goberno, institucións e actividade económica principal e sitúaos nun mapa. CAA, CCIEE, CSC, CD.
- 4.1. Explica o Consello de Cento e a súa relevancia no aumento de poder da burguesía da cidade de Barcelona. CAA, CCIEE, CSC, CD.
- 5.1. Argumenta por que se cualifica a España da época medieval como un punto de encontro entre culturas e as achegas de cada unha delas. CCEC, CAA, CCL.
- 5.1. Busca información sobre figuras intelectuais ou eruditas da cultura cristiá, musulmá e xudía na península ibérica. CCEC, CAA, CCL.
- 6.1. Explica a Peste Negra: definición, causas da súa chegada á Península, repercusións nos distintos reinos e relación cos pogroms. CAA, CMCCT, CSC.
- 6.1. Desenvolve os factores que deron lugar aos conflitos sociais, revoltas campesiñas e guerras civís tanto en Castela como en Aragón. CAA, CMCCT, CSC.
- 6.1. Explica de forma detallada cales foron as causas das Guerras Irmandiñas e describe o desenvolvemento da I Guerra Irmandiña. CAA, CMCCT, CSC.

7.7.- Contidos mínimos:

- Resume e sitúa nun mapa o proceso de expansión territorial dos reinos cristiáns peninsulares no século XIII, tras a batalla das Navas de Tolosa (1212).
- Explica as modalidades de repoboación dos novos territorios e os colectivos que as protagonizaron.
- Describe o sistema de goberno da Coroa de Castela, facendo fincapé na composición e funcionamento das Cortes, e a relación coa monarquía.
- Sintetiza os trazos básicos da economía e a sociedade da Coroa de Castela neste período, con especial mención á importancia da gandería lanar transhumante.
- Describe o sistema de goberno da Coroa de Aragón, facendo fincapé na composición e funcionamento das Cortes, e as diferenzas máis significativas coa Coroa de Castela.
- Sintetiza os trazos básicos da economía e a sociedade da Coroa de Aragón neste período, centrándose na expansión aragonesa polo Mediterráneo.
- Elabora un esquema sobre manifestacións da crise da Baixa Idade Media na península ibérica.
- Identifica, sitúa no espazo e no tempo, e sintetiza os graves conflitos sociais e políticos que asolaron os

- Estados cristiáns peninsulares neste período, con especial referencia ao conflito irmandiño en Galicia.
- Argumenta por que se cualificou a España medieval como un punto de encontro ou crisol de culturas.
- Define, sitúa e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

7.8.- Temporalización:

- 6 sesións lectivas.

7.9.- Procedementos e instrumentos de avaliación

- Observación do traballo diario na aula.
- Recollida e valoración das actividades realizadas no caderno de clase.
- Comparación de varios mapas históricos sobre a evolución política peninsular dos séculos XI a XV.
- Redacción e exposición de traballos de grupo sobre: a Mesta / as Ordes Militares / a Escola de Tradutores de Toledo. / as guerras irmandiñas.
- Lectura e iniciación ao comentario de textos históricos sobre este período.
- Proba escrita na que se recollen os contidos mínimos indicados.

Unidade 8.- A cultura e a arte do Gótico.

8.1.- Competencias clave: CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC,CSIEE, CCEC

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia en conciencia e expresións culturais

8.2.- Obxectivos didácticos:

- Expor as causas do proceso de crecemento cultural do Occidente europeo.
- Coñecer as consecuencias deste crecemento na educación, na relixión e na arte.
- Describir a arquitectura gótica.
- Comparar as características da arte Gótica coas do Románico.
- Identificar as innovacións que introduciu o novo estilo.
- Explicar as catedrais como as edificacións máis representativas da arquitectura gótica.
- Recoñecer os trazos distintivos da escultura gótica e a súa evolución respecto á propia do Románico.
- Identificar os trazos distintivos da pintura gótica.
- Coñecer a influencia do Gótico na península ibérica e en Galicia sinalando algunhas das súas obras e artistas máis representativos
- Definir conceptos clave para a comprensión da época.
- Desempeñar un traballo grupal de investigación co fin de profundar no estudo do estilo gótico.
- Analizar obras artísticas pertencentes ao estilo en cuestión.

8.3.- Contidos:

- 1.- Como se orixinou a arte gótica?
 - 1.1.- O renacer cultural.
 - 1.2.- O nacemento das Universidades.
 - 1.3.- Os estudos universitarios.
 - 1.4.- Unha nova relixiosidade.
- 2.- A arquitectura gótica.
 - 2.1.- As novas construcións urbanas.
 - 2.2.- As características da nova arquitectura.
- 3.- A construción das catedrais.
- 4.- A escultura e a pintura góticas.
 - 4.1.- Unha escultura máis realista.
 - 4.2.- Trazos básicos da pintura gótica.
- 5.- O Gótico na península ibérica.
 - 5.1.- A arquitectura.
 - 5.2.- A escultura e a pintura.

6.- A arte gótica en Galicia.

6.1.- A arquitectura.

6.2.- A escultura.

8.4.- Criterios de avaliación:

- 1. Explicar o renacer cultural europeo occidental tras unha época de profunda crise.
- 2. Explicar as principais características da arquitectura gótica e a súa construción máis representativa.
- 3. Recoñecer os caracteres da pintura e escultura da arte gótica e comentar obras representativas.
- 4. Expor a presenza do estilo gótico na península ibérica e en Galicia.

8.5.- Estándares de aprendizaxe e competencias clave:

- 1.1. Expón as causas do proceso de crecemento cultural do Occidente europeo e coñece as súas consecuencias na educación, na relixión e na arte. CD, CAA, CCL, CCEC.
- 2.1. Describe a arquitectura gótica e expón as súas características en comparación coas do Románico e as innovacións que introduciu o novo estilo. CD, CCL, CCEC.
- 2.2. Explica as catedrais como as edificacións máis representativas da arquitectura gótica: caracteres, partes coa súa correspondente función e participantes na súa construción. CCEC, CAA, CSC.
- 3.1. Recoñece os trazos distintivos da escultura gótica e a súa evolución respecto ao Románico. CCEC.
- 3.2. Identifica os trazos distintivos da pintura gótica. CCEC, CAA, CCL, CSIEE.
- 4.1. Coñece a influencia do Gótico na península ibérica e Galicia e algunhas das súas obras e artistas máis representativos. CCEC.

8.6.- Descritores e competencias clave:

- 1.1. Explica as condicións que favoreceron o renacer cultural das cidades e as diferenzas coa época do Románico. CD, CAA, CCL, CCEC.
- 1.1. Coñece que son as linguas vernáculas. CD, CAA, CCL, CCEC.
- 1.1. Describe o nacemento das universidades e compáraas coas actuais. CD, CAA, CCL, CCEC.
- 1.1. Expón as causas do nacemento do Gótico en relación co auxe urbano, o aumento da instrución e o novo papel da Igrexa. CD, CAA, CCL, CCEC.
- 2.1. Coñece as innovacións técnicas da arquitectura gótica e define os conceptos clave. CD, CCL, CCEC.
- 2.1. Compara as características das fachadas na arte románica coas do gótico. CD, CCL, CCEC.
- 2.2. Explica as características principais das catedrais góticas, as súas partes e a función de cada unha delas. CCEC, CAA, CSC
- 2.2. Analiza, por medio da observación de imaxes, tres catedrais: época de construción, características, elementos e a súa función, e estilo. CCEC, CAA, CSC.
- 2.2. Comenta un texto referente á beleza da catedral e a súa importancia para achegarse a Deus. CCEC, CAA, CSC
- 2.2. Expón os motivos polos que se deu un impulso na construción de novos edificios e quen foron os que o promoveron. CCEC, CAA, CSC.
- 2.2. Coñece a importancia dos canteiros na construción dos edificios na Idade CCEC, CAA, CSC.
- 3.1. Describe os trazos da escultura gótica e os recursos que usa para lograr un maior realismo. CCEC.
- 3.1. Desenvolve a emancipación da escultura respecto á arquitectura. CCEC.
- 3.2. Explica todo o que concirne a pintura gótica: o cambio de técnica e as súas causas, e o retablo como nova manifestación artística. CCEC, CAA, CCL, CSIEE.
- 3.2. Observa a imaxe dun retablo e explica o relativo a el: que é, diferenza respecto ao fresco, tipos, análise da representación e estilo. CCEC, CAA, CCL, CSIEE.
- 3.2. Comenta, a partir de imaxes, dúas obras pictóricas de períodos artísticos distintos e sinala a evolución que se deu entre ambas. CCEC, CAA, CCL, CSIEE.
- 4.1. Compara o ámbito territorial do Gótico peninsular co do Románico. CCEC.
- 4.1. Expón os grandes estilos construtivos que se desenvolveron e as súas zonas correspondentes. CCEC.
- 4.1. Describe que é e cales son as características do Gótico Mudéjar. CCEC.
- 4.1. Explica as principais características da arquitectura gótica en Galicia. CCEC.
- 4.1. Sinala como penetrou o Gótico en Galicia. CCEC.

8.7.- Contidos mínimos:

- Identifica e sitúa os factores que propiciaron o renacer cultural e o xurdimento do estilo gótico.
- Resume os trazos definitorios da arquitectura gótica e identifícaos sobre un plano, un debuxo ou unha ilustración. Compáraos cos da arquitectura románica.
- Resume os trazos definitorios da escultura e da pintura góticas e identifícaos sobre un debuxo ou unha ilustración. Compáraos cos da escultura e a pintura románicas.

- Elabora un sinxelo esquema sobre a evolución da arte gótica na península ibérica.
- Define, sitúa e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

8.8.- Temporalización:

- 5 sesións lectivas.

8.9.- Procedementos e instrumentos de avaliación

- Observación do traballo diario na aula.
- Recollida e valoración das actividades realizadas no caderno de clase.
- Análise dunha obra de arte gótica: unha catedral, unha escultura e unha pintura.
- Elaboración dun cadro comparativo sobre os trazos básicos da arte románica e a arte gótica.
- Elaboración dun mapa da península ibérica no que se sitúen as manifestacións artísticas máis significativas da arte gótica.
- Elaboración e exposición dun traballo de grupo sobre as particularidades da arte gótica en Galicia.
- Proba escrita nas que se recollen os contidos mínimos indicados.

Bloque II.- XEOGRAFÍA

Unidade 9.- O escenario físico das actividades humanas.

9.1.- Competencias clave: CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC,CSIEE, CCEC

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia en conciencia e expresións culturais

9.2.- Obxectivos didácticos.

- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

9.3.- Contidos:

- 1.- A xeografía e as súas ferramentas de traballo.
 - 1.1.- A cartografía: os mapas e a escala.
 - 1.2.- Os gráficos e as estatísticas.
 - 1.3.- A localización no espazo: as coordenadas xeográficas.
- 2.- As grandes unidades do relevo terrestre.
- 3.- As unidades do relevo de España.
 - 3.1.- O relevo peninsular español.
 - 3.2.- O relevo insular español.
 - 3.3.- O relevo de Galicia.
- 4.- As costas e os ríos de España.
 - 5.1.- As costas.
 - 5.2.- Os ríos peninsulares.
 - 5.3.- Os cursos de auga nas Baleares e nas Canarias.

5.4.- As costas e ríos de Galicia.

6.- As paisaxes de España.

6.1.- Trazos climáticos da península ibérica.

6.2.- As paisaxes da España atlántica.

6.3.- As paisaxes da España mediterránea.

6.4.- As paisaxes da España interior.

6.5.- As paisaxes de alta montaña.

6.6.- A paisaxe das illas Canarias.

9.4.- Criterios de avaliación:

- B1.1. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou nunha imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
- B1.2. Ter unha visión global do medio físico de España e de Galicia, e das súas características xerais.
- B1.3. Situar no mapa de España as unidades e os elementos principais do relevo peninsular, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.
- B1.4. Situar no mapa de Galicia as unidades e os elementos principais do relevo, así como os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos.
- B1.5. Coñecer e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico español e galego.
- B1.6. Coñecer os principais espazos naturais de España e de Galicia.

9.5.- Estándares de aprendizaxe e competencias clave:

- XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite: CAA - CMCCT - CCL - CD.
- XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas: CAA - CMCCT - CD.
- XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos: CAA - CMCCT - CCL - CD.
- XHB1.2.1. Enumera e describe as peculiaridades do medio físico español e galego: CAA - CMCCT - CD - CCL.
- XHB1.3.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo español: CAA - CMCCT - CD.
- XHB1.3.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de España: CAA - CMCCT - CD - CCL.
- XHB1.4.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo galego: CAA - CMCCT - CD.
- XHB1.4.2. Describe as unidades de relevo con axuda do mapa físico de Galicia: CAA - CMCCT - CD - CCL.
- XHB1.5.1. Localiza nun mapa os grandes conxuntos ou espazos bioclimáticos de España: CAA - CMCCT - CD - CCL.
- XHB1.5.2. Compara as zonas bioclimáticas españolas utilizando gráficos e imaxes: CAA - CMCCT - CD.
- XHB1.6.1. Distingue e localiza nun mapa as paisaxes de España e de Galicia: CAA - CMCCT - CD.

9.6.- Contidos mínimos:

- Describe os tipos de mapas e os elementos que os conforman.
- Explica o concepto de escala e é quen de aplicalo sobre un mapa ou mediante sinxelos exercicios.
- Sitúa un espazo xeográfico nun mapa a partir das súas coordenadas xeográficas.
- Indica as coordenadas xeográficas dun espazo situado nun mapa.
- Identifica, diferencia e sitúa nun mapa físico os elementos fundamentais do relevo terrestre, de España e de Galicia.
- Enumera e localiza os elementos básicos da hidrografía e o litoral de España e de Galicia.
- Identifica os elementos e os factores do clima. Explica como inflúen os factores sobre os elementos do clima.
- Identifica as principais zonas climáticas da terra: sintetiza os trazos básicos do clima e vexetación característica.
- Describe os trazos básicos das paisaxes de España e de Galicia: climas, vexetación e poboamento característicos de cada unha.
- Define e aplica correctamente os conceptos específicos desta unidade.

9.7.- Temporalización:

- 8 sesións lectivas.

9.8.- Procedementos e instrumentos de avaliación:

- Observación do traballo diario na aula.
- Recollida e valoración das actividades realizadas no caderno de clase.
- Exercicios de localización e busca de información nun atlas xeográfico mundial e de España.
- Confección de mapas físicos dos distintos espazos traballados na unidade.
- Elaboración de cadros comparativos sobre os caracteres definitorios das principais paisaxes naturais do mundo, de España e de Galicia.
- Elaboración e comentario de gráficas termopluviométricas.
- Proba escrita na que se recollen os contidos mínimos indicados.

Unidade 10.- Os habitantes do planeta.

10.1.- Competencias clave: CCL, CMCCT, CD, CAA, CSC,CSIEE, CCEC

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Competencia en conciencia e expresións culturais

10.2.- Obxectivos didácticos:

- Coñecer os distintos factores que condicionan a distribución da poboación na superficie da Terra.
- Definir o concepto de densidade de poboación.
- Aprender a realizar cálculos de densidade de poboación.
- Detallar a evolución da poboación mundial.
- Recoñecer as causas da desigual dinámica da poboación mundial.
- Entender os conceptos de taxa de natalidade, taxa de fecundidade, crecemento vexetativo e taxa de mortalidade e saber como se calculan.
- Identificar as diferentes tipoloxías de pirámide de poboación.
- Interpretar unha pirámide de poboación.
- Saber como se reparte a poboación mundial e a súa actividade económica.
- Describir os principais modelos ou réximes demográficos.
- Caracterizar o volume, a distribución e a dinámica da poboación europea.
- Describir diferentes tipos de política de natalidade e inmigración.

10.3.- Contidos:

- 1.- A poboación mundial e a súa distribución.
 - 1.1.- A poboación da Terra.
 - 1.2.- Os factores de distribución da poboación.
 - 1.3.- A desigual distribución da poboación sobre o territorio.
- 2.- Os países e as cidades máis poboados do mundo.
- 3.- A estrutura da poboación.
 - 3.1.- A estrutura biolóxica: idade e sexo.
 - 3.2.- A estrutura económica.
 - 3.3.- A pirámide de poboación ou pirámide de idades.
- 4.- Tipos de pirámides de poboación.
 - 4.1.- A pirámide triangular ou de parasol-
 - 4.2.- A pirámide de oxiva ou de campá.
 - 4.3.- A pirámide de urna ou bulbo.
- 5.- Dinámicas e tendencias da poboación mundial.
 - 5.1.- Como se estuda a dinámica da poboación?
 - 5.2.- O movemento natural da poboación: a natalidade.
 - 5.3.- O movemento natural da poboación: a mortalidade.
 - 5.4.- O crecemento natural ou vexetativo.
 - 5.5.- Un planeta con dúas dinámicas demográficas diferentes.
- 6.- Os modelos ou réximes demográficos.
 - 6.1.- O modelo de transición demográfica.
 - 6.2.- A explosión demográfica e o crecemento desigual.
- 7.- A poboación europea.
 - 7.1.- Volume e distribución.
 - 7.2.- A dinámica da poboación europea.

7.3.- O futuro demográfico de Europa.

8.- As políticas demográficas.

8.1.- Que son as políticas demográficas?

8.2.- As políticas de natalidade.

8.3.- As políticas de migracións.

10.4.- Criterios de avaliación:

- 1. Bloque 1. Coñecer, describir e valorar a acción do home sobre o medio ambiente e as súas consecuencias.
- 1. Asimilar e empregar os conceptos e coñecementos básicos sobre a demografía e a distribución da poboación no mundo, Europa e España.
- 2. Analizar e interpretar documentos e información demográfica presentada en diferentes formatos.
- 3. Describir e explicar a distribución da poboación no mundo e as características demográficas das súas diferentes zonas.

10.5.- Estándares de aprendizaxe e competencias clave:

- 1.1. Bloque 1. Reflexiona sobre a relación entre a demografía e a posesión de recursos. CCL, CAA.
- 1.1. Bloque 2. Coñece e explica adecuadamente os factores e conceptos clave para describir o estudo da poboación. CMCCT, CCL.
- 2.1. Bloque 2. Realiza sinxelos cálculos matemáticos de carácter demográfico e extrae conclusións sobre os resultados obtidos. CMCCT.
- 2.2 Bloque 2. Interpreta gráficas, mapas e táboas con información demográfica diversa. CMCCT, CAA.
- 3.1. Bloque 2. Describe e caracteriza adecuadamente a distribución da poboación no planeta. CMCCT, CD, CSC.
- 3.2. Bloque 2. Caracteriza, describe e compara as características de diferentes poboacións e zonas do mundo. CMCCT, CCL, CD.
- 3.3. Bloque 2. Coñece e describe diferentes políticas demográficas aplicadas no mundo e as súas consecuencias. CSIEE.

10.6.- Descritores e competencias clave:

- 1.1. Bloque 1. Explica algunhas características de como se distribúe a poboación mundial polo territorio. CCL, CAA.
- 1.1. Bloque 1. Expón as causas do crecemento desigual da poboación no planeta. CCL, CAA.
- 1.1. Bloque 2. Describe e distingue a estrutura biolóxica e económica dun país. CMCCT, CCL.
- 1.1. Bloque 2. Define conceptos: poboación activa, poboación ocupada, poboación inactiva e taxa de actividade. CMCCT, CCL.
- 1.1. Bloque 2. Explica que son os modelos demográficos e as políticas demográficas. CMCCT, CCL.
- 2.1. Bloque 2. Calcula a densidade de poboación de cinco países tendo en conta a poboación e superficie de cada un deles. CMCCT.
- 2.2. Bloque 2. Analiza, tomando como referencia o triángulo ideal, os grandes grupos de idade en cada tipo de pirámide de poboación. CMCCT, CAA.
- 2.2. Bloque 2. Observa e describe como aparecen representados a base, o tronco e o cumio de cada un dos tres modelos de pirámides. CMCCT, CAA.
- 2.2. Bloque 2. Recoñece as áreas do mundo con maior densidade de poboación a partir da análise dun mapa. CMCCT, CAA.
- 2.2. Bloque 2. Interpreta a información dunha pirámide de poboación. CMCCT, CAA.
Presentación	<ul style="list-style-type: none"> ▪ As causas que levaron á proclamación da Segunda República. ▪ As características principais do réxime republicano, así como os distintos partidos políticos que foron protagonistas do período republicano. ▪ Os conflitos que se desenvolveron na España republicana e os grupos sociais afectados. ▪ As causas do fracaso da experiencia republicana e o seu desenlace nunha Guerra Civil. ▪ A evolución das operacións militares e o avance das fronteiras de guerra, así como os condicionamentos do seu desenlace ▪ O diferente desenvolvemento político e social na España republicana e na España nacional. ▪ A axuda estranxeira recibida en ambos bandos durante a Guerra. ▪ O significado deste conflito para a evolución de España, así como as súas consecuencias. 			
Nesta unidade trabállase:				
Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m ▪ g ▪ n 	1.- A Segunda República. 1.1.- A proclamación da República. 1.2.- As forzas sociais e políticas na República. 1.3.- O Bienio Reformista. Abril 1931-novembro 1933. 1.4.- O Bienio de Dereitas. Novembro 1933-febreiro 1936. 1.5.- A Fronte Popular. Febreiro-xullo 1936. 1.6.- A idade de prata da cultura española. Da xeración do 98 á do 36.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.1.Explicar e comprender a Segunda República como solución democrática ao afundimento do sistema da Restauración e diferenciar os sucesivos gobernos e as súas actuacións e dificultades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.1.1. Explica o contexto de proclamación da Segunda República, as primeiras medidas tomadas polo novo goberno e as dificultades que xurdiron. ▪ 8.1.2. Identifica as forzas de apoio e de oposición á República e valora a significación das reformas introducidas pola nova Constitución. ▪ 8.1.3. Sintetiza as actuacións e dificultades do Bienio Reformista, do Radical-Cedista e da Fronte Popular. ▪ 8.1.4. Valora a Idade de Prata da cultura e amplía información a través da consulta da rede sobre algún aspecto concreto. ▪ 8.1.5. Analiza os antecedentes da Guerra Civil 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m ▪ g 	2.- A Guerra civil. 2.1.- A sublevación militar e a formación dos bandos. 2.2.- A internacionalización do conflito. 2.3.- A evolución da guerra. 2.4.- A España republicana. 2.5.- A España sublevada.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.2. Analizar a Guerra Civil, coas súas causas, desenvolvemento e consecuencias, diferenciando a situación nas dúas zonas en que quedou dividida España. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 8.2.1. Compara a evolución política, social e económica dos dous bandos enfrontados. ▪ 8.2.2. Sintetiza as fases da Guerra desde o punto de vista militar. ▪ 8.2.3. Analiza as consecuencias da derrota republicana e da vitoria dos sublevados. ▪ 8.2.4. Relaciona a Guerra Civil española co contexto internacional. ▪ 8.2.5. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1939, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT

Unidade 9.- España no franquismo [1939-1975].

Carga horaria

9 sesións

Presentación

Nesta unidade trabállase:

- Os trazos ideolóxicos do franquismo e a procedencia da súa fundamentación ideolóxica.
- A evolución económica e social da ditadura franquista.
- A dualidade cultural existente na España franquista
- O labor da oposición á ditadura.

Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m 	1.- Bases e apoios da ditadura franquista. 1.1.- Leis Fundamentais. 1.2.- Franco, caudillo de España. 1.3.- Un reino sen rei. 1.4.- O Movemento Nacional. 1.5.- Unidade da patria e centralismo. 1.6.- Nacionalcatolicismo. 1.7.- Sindicalismo vertical. 1.8.- Limitación dos dereitos individuais. 1.9.- Subordinación da muller. 1.10.- A democracia orgánica.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.1.Caracterizar a ideoloxía, os apoios e as bases do réxime franquista. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.1.1. Describe as bases e os apoios do franquismo. ▪ 9.1.2. Analiza os principios do Movemento Nacional como fundamentación ideolóxica da ditadura. ▪ 9.1.3.Describe os trazos da democracia orgánica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m 	2.- Unha longa posguerra. 1939-1959. 2.1.- Da amizade cos fascismos ao illamento exterior ao recoñecemento internacional. 2.2.- Da autarquía económica aos inicios da liberalización. 2.3.- A represión dos vencidos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.2.Analizar a etapa da posguerra no contexto interior e internacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.2.1.Sintetiza a posición de España durante a Segunda Guerra Mundial e as súas consecuencias. ▪ 9.2.2.Analiza as dificultades económicas da posguerra. ▪ 9.2.3.Explica a situación da oposición política durante a posguerra, tanto no interior coma no exterior de España. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m 	3.- Desenvolvemento económico e inmovilismo político. 1959-1973. 3.1.- Os Planos económicos. 3.2.- Cambios sociais e forzas de oposición. 3.3.- As relacións co exterior.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.3.Valorar o desenvolvemento económico dos anos 60 en contraste co inmovilismo político. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.3.1.Analiza e valora o Plano de Estabilización e as súas consecuencias. ▪ 9.3.2.Comenta os cambios sociais consecuencia do desenvolvemento económico. ▪ 9.3.3.Coñece e analiza a evolución das forzas de oposición ao franquismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m ▪ g 	4.- A agonía do franquismo. 1973-1975. 4.1.- Crise económica e política. 4.2.- O incremento das forzas de oposición. 4.3.- Os problemas exteriores: a Marcha Verde. 4.4.- Enfermidade e morte de Franco.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.4.Comprender as dificultades do franquismo provocadas pola crise económica, a oposición política e os problemas exteriores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.4.1.Comprende as múltiples dificultades do franquismo nos seus últimos anos e identifica as máis destacadas. ▪ 9.4.2.Analiza as diferentes posicións políticas ante a morte de Franco. ▪ 9.4.3. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, e sitúa nela os principais acontecementos históricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT

<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m ▪ g ▪ n ▪ p 	<p>5.- A cultura española durante o franquismo.</p> <p>5.1.- A cultura no exilio.</p> <p>5.2.- A cultura oficial.</p> <p>5.3.- Unha cultura limitada: entre a represión e a disidencia.</p> <p>5.4.- A longa noite de pedra en Galicia.</p>	<p>9.5. Coñecer a evolución da cultura española, dentro e fóra de España durante a ditadura franquista</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 9.5.1. Caracteriza a cultura española durante o franquismo, diferenciando as manifestacións dentro e fóra do sistema. ▪ 9.5.2. Describe a diversidade cultural do período, distinguindo as súas manifestacións. ▪ 9.5.3. Procura información de interese e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD
---	---	--	--	---

Unidade 10.- España en democracia [1975-2015].				Carga horaria	5 sesións
Presentación Nesta unidade trabállase:		<ul style="list-style-type: none"> ▪ O proceso de transición á democracia. ▪ A España das autonomías. ▪ A pluralidade e diversidade de realidades históricas que conforman a España actual. ▪ Os desequilibrios territoriais e os diferentes graos de desenvolvemento existentes no Estado español. ▪ As actuacións dos sucesivos gobernos democráticos. ▪ A Galicia autonómica. 			
Obxect.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m 	1.- A transición democrática. 1975-1977. 1.1.- Proclamación e coroación do rei Xoán Carlos I. 1.2.- O primeiro goberno da Monarquía. 1.3.- Adolfo Suárez e o inicio das reformas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.1. Valorar o proceso de transición desde a ditadura á democracia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.1.1. Coñece e valora o proceso da transición democrática. ▪ 10.1.2. Explica as alternativas políticas que se propuñan tras a morte de Franco, e quen defendía cada unha. ▪ 10.1.3. Analiza as medidas adoptadas polos primeiros gobernos da monarquía. ▪ 10.1.4. Valora o inicio das reformas a partir do nomeamento de Adolfo Suárez como presidente de Goberno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m 	2.- A Constitución de 1978. 2.1.- Trazos xerais. 2.2.- Dereitos e deberes. 2.3.- Os poderes do Estado.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.2. Coñecer e valorar os trazos básicos da actual Constitución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.2.1. Explica o proceso de elaboración da Constitución de 1978. ▪ 10.2.2. Analiza os principios reitores da Constitución de 1978. ▪ 10.2.3. Diferencia e describe os poderes do Estado segundo a Constitución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m 	3.- Os gobernos de UCD. 3.1.- Os gobernos de Adolfo Suárez. 1977-1981. 3.2.- O goberno de Leopoldo Calvo Sotelo. 1981-1982.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.3. Analizar a actuación dos gobernos de Adolfo Suárez e Leopoldo Calvo Sotelo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.3.1. Describe as principais actuacións políticas e económicas dos gobernos da UCD. ▪ 10.3.2. Identifica as dificultades dos gobernos da UCD e a perda das eleccións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m ▪ p 	4.- A creación do Estado das Autonomías. 4.1.- Cataluña. 4.2.- País Vasco. 4.3.- Galicia.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.4. Comprender o proceso de formación do Estado das Autonomías, as súas dificultades e os diferentes ritmos de consecución da autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.4.1. Define o Estado das Autonomías dentro dun Estado de Dereito. ▪ 10.4.2. Analiza e comenta a nova organización do Estado e os inicios da formación das actuais Comunidades Autónomas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d 	5.- Os gobernos socialistas de Felipe González. 5.1.- Integración de España na política internacional.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.5. Coñecer as reformas máis significativas dos gobernos socialistas e valorar a consolidación do estado do benestar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.5.1. Valora a significación do ascenso do socialismo ao poder. ▪ 10.5.2. Sintetiza as reformas máis significativas dos seus gobernos. ▪ 10.5.3. Valora o proceso de incorporación de España á Europa comunitaria 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT 	

<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m 	<p>5.2.- O Estado do benestar.</p> <p>5.3.- Axuste e reactivación económica.</p> <p>5.4.- O cambio sociocultural.</p> <p>5.5.- Escándalos e desprestixio socialista.</p>			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m 	<p>6.- Os gobernos conservadores de José María Aznar.</p> <p>6.1.- Crecemento, privatización e moeda única.</p> <p>6.2.- Reformas do programa conservador.</p> <p>6.3.- A guerra de Iraq e o terrorismo de carácter xihadista.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.6.Describir as principais actuacións dos gobernos do Partido Popular 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.6.1.Identifica as reformas máis destacadas do programa conservador. ▪ 10.6.2.Analiza o impacto do terrorismo xihadista e as súas consecuencias na política nacional. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m 	<p>7.- Os gobernos socialistas de José Luis Rodríguez Zapatero.</p> <p>7.1.- Reformas do programa socialista</p> <p>7.2.- Da bonanza á crise.</p> <p>7.3.- Cambios sociais.</p> <p>7.4.- A tregua de ETA e novos movementos sociais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.7.Analizar as reformas do programa socialista 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.7.1.Destaca as reformas sociais máis significativas dos gobernos de José Luis Rodríguez Zapatero. ▪ 10.7.2.Valora o impacto da crise económica mundial de 2008. ▪ 10.7.3.Caracteriza a sociedade española nos inicios do século XXI. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m 	<p>8.- Os gobernos conservadores de Mariano Rajoy.</p> <p>8.1.- Medidas contra a crise.</p> <p>8.2.- Os problemas de corrupción.</p> <p>8.3.- Novas forzas políticas.</p> <p>8.4.- Relevo na xefatura do Estado.</p> <p>8.5.- O novo mapa político.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.8.Enunciar e valorar a actuación dos gobernos conservadores do Partido Popular. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.8.1.Describe as actuacións máis destacadas do novo Goberno do Partido Popular. ▪ 10.8.2.Valora os problemas do Goberno e o nacemento de novas forzas políticas. ▪ 10.8.3. Elabora un eixe do tempo no que sitúa os diferentes mandatos dos presidentes de Goberno e os feitos máis significativos das súas actuacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ m ▪ g ▪ p 	<p>9.- A Galicia autonómica.</p> <p>9.1.- Os gobernos autonómicos.</p> <p>9.2.- Unha poboación estancada.</p> <p>9.3.- Desequilibrado desenvolvemento económico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.9.Coñecer a evolución dos gobernos autonómicos e das súas principais actuacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ 10.9.1.Sintetiza as fases do proceso preautonómico e as súas características. ▪ 10.9.2.Identifica os diferentes gobernos autonómicos e os presidentes da Xunta de Galicia e valora as súas actuacións. ▪ 10.9.3.Caracteriza a sociedade galega actual desde o punto de vista demográfico e socio-económico. ▪ 10.9.4. Elabora un eixe do tempo no que sitúa os diferentes mandatos dos presidentes autonómicos e os feitos máis significativos das súas actuacións 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD

3.- Temporalización prevista.

Historia de España 2º BAC - Curso 2021-2022

av.	mes	semana	sesións	unidade didáctica	
1ª	Setembro	08 S - 09 S	1	Presentación	
		12 S - 16 S	3	Avaliación inicial / Estrutura das probas de ABAU.	
		19 S - 23 S	3	Unidade 1.- Hispania e Gallaecia na Antigüidade.	
		26 S - 30 S	3		
	Outubro	03 O - 07 O	2	Unidade 2.- Al-Ándalus e os reinos cristiáns medievais.	
		10 O - 14 O	3	Proba de avaliación	
		17 O - 21 O	3	Unidade 3.- Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica.	
		24 O - 28 O	3		
	Novembro	31 O - 04 N	2	Unidade 4.- A monarquía borbónica no Antigo Réxime. Proba de avaliación	
		07 N - 11 N	3		
		14 N - 18 N	3		
		21 N - 25 N	3		
2ª	Decembro	28 N - 02 D	3	Unidade 5.- Inicios e consolidación do réxime liberal: 1833-1874. Proba de avaliación	
		05 N - 09 D	1		
		12 D - 16 D	3		
		19 D - 22 D	2		
	Xaneiro	09 X - 13 X	3	Unidade 6.- As transformacións socioeconómicas na España liberal.	
		16 X - 20 X	3		
		23 X - 27 X	3		
	Febreiro	30 X - 03 F	3	Uni. 7 ₍₁₎ .- Estado e nación na Restauración borbónica: 1875-1902).	
06 F - 10 F		3	Proba de avaliación		
3ª	Febreiro	13 F - 17 F	3	Uni. 7 ₍₂₎ .- Estado e nación na Restauración borbónica: 1902-1931.	
		20 F - 24 F	2		
	Marzo	27 F - 03 M	3	Unidade 8.- Segunda República e Guerra Civil. Proba de avaliación	
		06 M - 10 M	3		
		13 M - 17 M	3		
		20 M - 24 M	3		
		27 M - 31 M	3		
	Abril	10 A - 14 A	3	Unidade 9.- España no franquismo.	
		17 A - 21 A	3	Unidade 10.- España en democracia. Proba de avaliación	
		24 A - 28 A	3		
Maio	01 M - 05 M	2	Probas de avaliación final ordinaria Preparación da Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU)		
	08 M - 12 M	3			
	15 M - 19 M	2			
	22 M - 26 M	3			
	29 M - 02 X	3			
	Xuño	05 X - 09 X		3	Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU)
		12 X - 16 X		3	Probas de avaliación final extraordinaria
		19 X - 21 X		1	Avaliación final extraordinaria

4.- Metodoloxía didáctica.

A metodoloxía didáctica empregada para desenvolver esta materia debe favorecer o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo e a transferencia e a aplicación do aprendido.

Ademais, preténdese exercitar ao alumnado nos procedementos habituais do historiador: natureza, tipoloxía e importancia das distintas clases de fontes históricas, análise e utilización crítica das mesmas, contraste de interpretacións historiográficas e utilización de información procedente dos medios de comunicación de masas para achegarse ao coñecemento da realidade actual.

As tecnoloxías da información e da comunicación deben ser utilizadas como unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

A natureza específica da historia -multiplicidade de factores que interveñen nunha realidade humana, cambio permanente mais non uniforme nin no tempo nin no espazo e irrepeticibilidade dos feitos- condúcenos a que nesta disciplina, en canto materia de ensinanza-aprendizaxe, debamos ter en conta as seguintes consideracións didácticas:

-
- A forma de acceder ao coñecemento histórico non é uniforme dentro da propia disciplina. Inflúen a parcela espacial e cronolóxica que se considere. Non nos acercamos cos mesmos medios ao coñecemento histórico máis afastado no tempo e no espazo que a unha época próxima. Polo tanto, os medios que se utilicen non deben ser idénticos ao longo de todo o desenvolvemento da materia.
- Na clase de Historia fanse comentarios sobre valores e sobre actitudes e ao facelo transmítense mensaxes. Isto fai o seu estudo vulnerable a interferencias políticas e a que, con frecuencia, se confundan consideracións de orde política e ideolóxica con consideracións de tipo educativo. Polo mesmo, procurárase tratar os temas de estudo con obxectividade e non emitir xuízos de valor.
- A motivación é un aspecto importante para acadar unha ensinanza eficaz. Para promover que sexa positiva, é necesario que os temas de estudo conecten directamente cos intereses do alumnado. O emprego de medios audiovisuais, o achegamento a problemas do seu contorno, as saídas programadas, etc. constitúen estratexias motivadoras e atractivas.

Partindo destas consideracións as distintas Unidades didácticas deben enfocarse non como un conxunto de feitos illados, senón como un conxunto de procesos e de problemas nos que se analicen as súas causas e as súas consecuencias e as relacións existentes entre elas. Para isto, os medios non son só materiais (fontes e instrumentos), senón tamén conceptuais e de léxico propio desta disciplina que hai que adquirir comprensivamente.

Na ensinanza da Historia, e en función dos contidos a tratar, empregaremos distintas estratexias metodolóxicas. A exposición do profesor será necesaria, sobre todo, ao tratar contidos conceptuais de maior complexidade porque lle permitirá ao alumnado un mellor acceso a eles. Para outros contidos, as estratexias de descubrimento ou de indagación, mediante materiais que se lle proporcionen, tamén serán necesarias porque o alumnado, ao indagar en diversas fontes, constrúen ao seu propio coñecemento en lugar de recibir a información xa elaborada.

O plan de traballo dunha clase variará segundo os temas a tratar:

- Para a ensinanza de parcelas máis antigas que é difícil que o alumnado se sitúe, ou para aspectos da Historia que, polo seu afastamento espazo-temporal, non teñen unha repercusión recoñecible no contorno, sería:
 - A presentación dos problemas por parte do profesor.
 - A consideración conxunta profesorado-alumnado das distintas alternativas posibles de interpretación.
 - O acordo sobre a natureza e sobre as causas do proceso histórico en cuestión.
 - A ilustración e comprobación das conclusións con exemplos concretos, sempre que sexan procesos xerais.
- Para abordar os aspectos relacionados co mundo actual e para o estudo de aspectos da historia máis próxima, a vía sería partir do concreto para chegar ao abstracto e, apoiándose en datos do contorno próximo, inducir a curiosidade de por que é así e relacionar a historia local cos seus condicionantes externos para intentar alcanzar a comprensión de estruturas e de procesos máis amplos, pois non se pode entender o medio no que se desenvolve o alumnado desconectado das referencias máis xerais.

A primeira das actividades de cada unha das Unidades didácticas actuará de ámbito motivador para o tema das mesmas e para que o alumnado manifeste as súas opinións e sexan conscientes do que coñecen e do que descoñecen. Así o profesor estará en condicións de axustar a proposta de actividades, incorporando as conclusións desta primeira sesión. A presentación pode ser distinta en cada caso: enquisa, visualización dun fragmento dun vídeo, observación de gráficos, comparación de debuxos, pinturas, fotografías, etc.

Das actividades de desenvolvemento das Unidades obterase información para a avaliación en tres niveis:

- Traballo individual, no que se terán en conta aspectos como:
 - A capacidade de descrición, de relación e de análise dos conceptos históricos.
 - A expresión e a comprensión dos mesmos tanto de forma oral como escrita.
 - Os conceptos específicos da Unidade Didáctica.
 - O desenvolvemento de actitudes cara á materia.
- O traballo en grupo, no que se fai especial fincapé porque permite unha distribución de tarefas, axuda á asunción de responsabilidades persoais e enriquece a calidade das actividades.
- O funcionamento da clase. Neste caso os datos para a avaliación derivan dos dous niveis anteriores e proporcionan unha información xeral importante tanto para o profesorado como para os titores

Os instrumentos de avaliación máis adecuados dentro desta planificación son:

- A observación, que nos permitirá seguir o ritmo da clase en canto á adquisición dos contidos conceptuais e dos procedementos e, sobre todo, dos actitudinais tanto no que se refire ao interese pola materia como ás actitudes sociais máis relevantes, tales como a convivencia, a tolerancia, a solidariedade e a participación crítica.
- As probas, que teñen o mesmo carácter que as actividades de desenvolvemento das U.D. e polo tanto adoptarán formulacións semellantes, reflectirán unicamente os contidos. Así que calquera das actividades que se presentan é susceptible de ser, ao mesmo tempo, actividade de aprendizaxe e de avaliación.
- Os traballos de clase e os traballos voluntarios permiten un seguimento do nivel de organización que van acadando os alumnos: busca de fontes, organización dun guión, planificación dos pasos a seguir, corrección do emprego de información gráfica ou estatística, etc. Débense alternar os traballos escritos con outros de exposición oral e en formatos dixitais.

5.- Criterios de avaliación:

5.1.- Criterios xerais.

- Caracterizar as grandes etapas do pasado histórico de España e Galicia, destacando as súas achegas básicas e sinalando os seus aspectos comúns e diversos.
- Coñecer e analizar os procesos, feitos e personaxes máis relevantes da historia de España e de Galicia, situándoos cronoloxicamente dentro dos diferentes ritmos de cambio e permanencia.
- Comprender os trazos esenciais da sociedade española e galega actual a partir da identificación dos procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento da dinámica histórica.
- Recoñecer na realidade actual as posibles pervivencias do pasado.
- Recoñecer os criterios valorativos propios da nosa época nas diferentes interpretacións do pasado.
- Analizar a interrelación causal entre os diferentes factores que condicionan a traxectoria histórica de España e de Galicia.
- Relacionar os procesos e acontecementos propios da historia de España e de Galicia cos correspondentes aos ámbitos europeo, hispanoamericano e internacional.
- Obtención e valoración crítica de información relevante procedente de diferentes fontes e emprego dela para a emisión dun xuízo razoado sobre os aspectos esenciais da evolución histórica de España e de Galicia.
- Apreciación de actitudes de tolerancia, relativismo crítico e respecto á realidade plural e multiforme que caracteriza as sociedades actuais.
- Formular hipóteses explicativas sobre a realidade histórica, formándose unha opinión fundamentada nas diversas fontes consultadas.
- Definir e situar no espazo e no tempo os personaxes, feitos e procesos históricos básicos en cada tema.
- Participar de forma regular no traballo desenvolvido na aula cunha actitude respectuosa, crítica e construtiva.

5.2.- Procedementos e instrumentos de avaliación.

- Para a avaliación da aprendizaxe do alumnado valoraranse conxuntamente os seguintes aspectos:

- A comprensión dos contidos conceptuais.
 - Precisión léxica, corrección da sintaxe e ortografía.
 - Coherencia na exposición das ideas: ordenación e relación das mesmas.
 - Capacidade de síntese e argumentación.
 - A adquisición e desenvolvemento dos contidos actitudinais.
 - A responsabilidade asumida na realización de traballos en grupo, así como a capacidade organizativa e de coordinación de tarefas.
 - A calidade e variedade das fontes empregadas, así como a presentación formal dun traballo.
- A valoración global do alumnado será o resultado dun proceso o máis obxectivo posible, en permanente toma de datos procedentes da observación directa na aula e das probas e traballos realizado ao longo de curso. Os elementos e instrumentos básicos nos que se fundamentará a cualificación obtida serán:
 - Respecto das normas de convivencia.
 - Actitude ante a materia e participación na clase.
 - Actividades desenvolvidas na aula.
 - Tarefas realizadas na casa e materiais elaborados polo alumno, recollidos no caderno de clase.
 - Probas orais e escritas sobre contidos previamente traballados na aula ou adquiridos a través de indagacións e investigacións realizadas de forma individual ou en grupo.
 - Os alumnos realizarán dúas probas escritas por avaliación. Estas probas axustaranse ao modelo e aos contidos establecidos polo Grupo de Traballo de Historia de España da CiUG (Comisión Interuniversitaria de Galicia), que están publicados na súa páxina web (<https://ciug.gal/gal/abau/historiaespana>). O modelo consta de 3 partes:
 - Definición de 4 termos históricos: 2 puntos (0,5 puntos por termo).
 - Pregunta a desenvolver: 3 puntos.
 - Composición de texto histórico: 5 puntos.
 - Os criterios de corrección seguirán as orientacións xerais fixadas no *Blog do Grupo de Traballo de Historia de España ABAU* (<https://grupotraballohistoriaespana.blogspot.com/p/orientacions.html>) en canto á extensión e á interpretación das rúbricas das definicións, preguntas e composición.

6.- Contidos mínimos.

Unidade 1.- Hispania e Gallaecia na Antigüidade [desde as orixes ata o século VIII].

- Identifica, sitúa e caracteriza as primeiras sociedades humanas na península ibérica.
- Identifica, sitúa e caracteriza as distintas culturas da Idade dos Metais na Península.
- Valora a importancia dos aportes dos pobos indoeuropeos e colonizadores na evolución histórica peninsular.
- Elabora un esquema sobre as fases e formas da conquista romana de Hispania e como condicionan o ritmo e o grao do proceso de romanización.
- Resume os trazos elementais da organización administrativa, da estrutura económica e a organización social da Hispania romana.
- Sintetiza o proceso de formación e evolución política dos reinos xermanos peninsulares

Unidade 2.- Al-Ándalus e os reinos cristiáns medievais [séculos VIII-XV].

- Elabora un esquema sobre as etapas básicas da historia de al-Ándalus.
- Identifica e localiza no espazo e no tempo os distintos núcleos de resistencia contra o dominio islámico.
- Sintetiza os trazos básicos da organización económica e social de al-Ándalus, en comparación cos núcleos de resistencia cristiáns.
- Elabora un esquema sobre o proceso de expansión territorial dos Estados cristiáns (reconquista e repoboación).
- Sintetiza a evolución da organización territorial da Península na Idade Media.
- Identifica os trazos que definen a chamada crise baixomedieval: factores, manifestacións e repercusións.

Unidade 3.- Os Reis Católicos e a Monarquía Hispánica. [séculos XV-XVII].

- Sintetiza os eixes fundamentais do reinado dos Reis Católicos: o proxecto de unidade territorial, a creación dunha monarquía autoritaria, a unidade relixiosa e a proxección exterior. Identifica os feitos esenciais e valora o seu alcance.
- Explica os trazos definitorios da organización colonial e a explotación económica das Indias.
- Valora o seu impacto sobre a estrutura económica e social da Coroa de España.

- Identifica os distintos monarcas da dinastía dos Austrias e resume as liñas de actuación política emprendidas por cada un deles.
- Sintetiza as causas e o desenvolvemento dos conflitos internos que cuestionaron a política dos Austrias nos séculos XVI e XVII. Valorar o seu alcance e as súas implicacións.
- Enumera os caracteres básicos da demografía, a economía e a sociedade na España dos séculos XVI e XVII: diferencia os elementos de continuidade e de cambio.
- Identifica as causas da decadencia do imperio español e a perda da hexemonía dos Austrias en Europa.

Unidade 4.- A Monarquía borbónica no Antigo Réxime. 1700-1808.

- Resume os trazos xerais e particulares do Antigo Réxime en España e en Galicia.
- Explica as causas que desembocaron na Guerra de Sucesión e as súas consecuencias.
- Sintetiza a repercusión do proceso de centralización do poder político que levaron a cabo os Borbón.
- Identifica os principios básicos e os pensadores máis representativos da Ilustración en España e Galicia.
- Sintetiza as características do Despotismo Ilustrado de Carlos III e valora o seu alcance real.

Unidade 5.- Inicios e consolidación do réxime liberal. 1808-1875.

- Explica as causas, a evolución e as consecuencias da Guerra da Independencia.
- Valora a importancia histórica das Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812 na historia de España.
- Elabora un esquema sobre a evolución do reinado de Fernando VII (1814-1833).
- Caracteriza e compara os trazos fundamentais do absolutismo e o liberalismo en España.
- Identifica as fases básicas do reinado de Isabel II. Enumera as medidas e actuacións concretas que os Gobiernos levaron a cabo en cada unha, tanto na política interna como nas relacións internacionais.
- Clasifica e caracteriza as tendencias políticas do reinado de Isabel II: carlistas, moderados, progresistas e demócratas. Explica a súa relevancia política en cada etapa.
- Compara as Constitucións de 1837, 1845 e 1856. Subliña como se recollen nelas os principios ideolóxicos dos diferentes partidos políticos.
- Comenta os factores que desencadearon a revolución de 1868 e provocaron a crise da monarquía de Isabel II
- Comenta a Constitución de 1869: identifica os principios de liberalismo democrático que recolle e compáraos cos fundamentos das Constitucións anteriores do século XIX.
- Identifica e diferencia as forzas políticas que conviviron e protagonizaron o Sexenio Democrático.
- Elabora unha síntese da evolución política do Sexenio. Identifica as principais etapas e os conflitos internos e externos que se desenvolveron en cada unha delas: Goberno provisional, Rexencia, monarquía democrática de Amadeo I de Savoia e Primeira República.
- Identifica as causas da inestabilidade política que caracterizou a I República e explica as razóns do seu fracaso. Valora a primeira experiencia republicana en España.

Unidade 6.- Estado e nación na Restauración borbónica. 1875-1931.

- Explica o proceso de Restauración da monarquía Borbónica.
- Identifica as bases legais e mecanismos institucionais que permitiron o funcionamento do chamado sistema político da Restauración.
- Enumera e caracteriza as forzas políticas que existían dentro e fora da quenda de partidos: partidos, ideoloxía, propostas e actuacións.
- Esquematiza o nacemento e a evolución dos nacionalismos catalán, vasco e galego.
- Sintetiza as causas, desenvolvemento e consecuencias das guerras de Cuba e Filipinas.
- Valora os efectos que produciu o desastre do 98 na sociedade española.
- Analiza as principais ideas do movemento rexeneracionista.
- Identifica e analiza incidencia dos diversos factores que contribuíron ao deterioro progresivo do sistema político da Restauración, e que coincidiron na crise de 1917.
- Analiza os trazos básicos da política colonial española no primeiro terzo do século XX: a cuestión marroquí e o desastre de Annual. Destacar as súas consecuencias políticas e sociais.
- Elabora unha visión de conxunto da conxuntura económica, social e política que propiciou o golpe de Estado de Miguel Primo de Rivera.
- Identifica os grupos que apoiaban e os que se opuñan ao réxime ditatorial de Primo de Rivera.
- Comenta os obxectivos e realizacións do Directorio militar en relación cos seguintes aspectos: rexeneración da vida política, restablecemento da orde pública, os nacionalismos e a cuestión colonial.
- Analiza o labor do Directorio civil: o intento de institucionalización do réxime e a política económica da Ditadura (obxectivos e alcance real).
- Describe as causas e o proceso de decadencia da ditadura e da fin da monarquía borbónica.

Unidade 7.- As transformacións socioeconómicas na España liberal. 1808-1931.

- Explica as dificultades e limitacións básicas do desenvolvemento económico de España no século XIX.
- Analiza os principais efectos da reforma agraria e a evolución da agricultura española do século XIX.
- Sintetiza o proceso de desamortización no século XIX: obxectivos, realizacións e alcance, con especial incidencia no impacto que causou nos diferentes grupos sociais. Incide na singularidade de Galicia.
- Compara a evolución da dinámica demográfica da poboación española e a europea no século XIX.
- Identifica os obstáculos que explican o atraso do proceso de industrialización en España respecto a outros países europeos.
- Analiza os procesos de industrialización en España no século XIX en cada ámbito rexional.
- Comenta as consecuencias económicas e sociais da difusión da rede ferroviaria en España.
- Resume a evolución que experimentou o comercio exterior ao longo do século XIX e diferencia as políticas económicas adoptadas.
- Analiza a pervivencia dos elementos do Antigo Réxime na Galicia do século XIX: sistema foral, desindustrialización e atraso, etc.
- Clasifica e caracteriza os grupos sociais constituíntes da nova sociedade de clases.
- Explicar as causas e desenvolvemento da emigración transoceánica galega desde mediados do XIX.
- Analiza as principais reivindicacións e identifica as primeiras manifestacións do movemento obreiro.
- Explica as orixes e desenvolvemento das organizacións obreiras en España, en relación co movemento obreiro internacional e a conxuntura económica española.
- Compara os postulados teóricos das distintas correntes ideolóxicas do movemento obreiro en España.
- Sintetiza a evolución do movemento obreiro no período da Restauración: as correntes anarquistas, as organizacións socialistas e as sociedades obreiras católicas.
- Resume a evolución da “cuestión social” na España liberal.

Unidade 8.- Segunda República e Guerra Civil. 1931-1939.

- Analiza as circunstancias internas e internacionais en que foi proclamada a II República.
- Elabora un cadro que recolla as principais tendencias ideolóxicas actuantes ao longo do período e os partidos políticos que as representaban.
- Comenta a Constitución de 1931. Señala os trazos esenciais do réxime republicano que establecía.
- Enumera e sintetiza as reformas deseñadas e postas en práctica durante o Bienio Reformista.
- Identifica os grupos de oposición ao goberno republicano e explica os seus intereses políticos.
- Resume os cambios introducidos polos Gobernos radical-cedistas (a política contrarreformista) e as tensións que desembocaron na revolución de outubro de 1934.
- Analiza a correlación de forzas políticas ante as eleccións de 1936 no contexto da radicalización do país.
- Explica as liñas de actuación do goberno da Fronte Popular e as reaccións que provocou.
- Comenta os factores que explican e posibilitaron o pronunciamento militar.
- Analizar a formación, composición social e localización inicial de cada un dos bandos.
- Sintetiza a evolución da guerra civil: identificar as fases básicas e os trazos definitorios de cada unha.
- Explica as posturas oficiais e as actitudes reais que adoptaron os países estranxeiros respecto á guerra de España.
- Sintetiza a evolución España republicana durante o conflito: revolución social e diverxencias políticas.
- Comenta os trazos que definen a situación e evolución da España sublevada: contrarrevolución e unificación de forzas.
- Explicar os trazos ideolóxicos e organizativos do réxime de Franco que se foron perfilando no transcurso da guerra.
- Valora a represión exercida durante a guerra: analiza os elementos comúns e específicos de cada bando.

Unidade 9.- España no franquismo. 1936-1975.

- Identifica os trazos característicos do réxime franquista en relación cos sistemas políticos coetáneos.
- Resume o proceso de institucionalización do réxime franquista: as “Leis fundamentais”.
- Explica os fundamentos sociais, políticos e ideolóxicos da Ditadura.
- Esquematiza a evolución da política exterior do réxime en relación coa conxuntura internacional.
- Sintetiza os obxectivos, caracteres e consecuencias da política autárquica practicada polas autoridades franquistas tras a Guerra Civil.
- Analiza as diversos instrumentos de represión política, social, económica e ideolóxica que exerceu de forma permanente a ditadura franquista.
- Describe as manifestacións da oposición ao réxime no interior e no exterior nas décadas dos corenta e cincuenta. Valora as estratexias de actuación e a incidencia de cada un.
- Analiza os factores e os piares sobre os que se asentou o desenvolvemento económico dos anos 60.
- Explica o proceso de industrialización española desta década e os apoios con que contou.

- Describe as transformacións demográficas e sociais derivadas do crecemento económico da España dos sesenta.
- Identifica as novas fronteas de mobilización social e oposición política ao réxime que se formaron nesa conxuntura.
- Analizar a pugna entre aperturismo e inmovilismo político nos últimos anos do franquismo.
- Identifica e explica os principais problemas internos e conflitos exteriores que se desataron nos anos finais do réxime.

Unidade 10.- España en democracia. 1975-2015.

- Identifica os trazos característicos do proceso da Transición española.
- Elabora un esquema que recolla as fases esenciais do mesmo, e indica en cada unha os protagonistas básicos e a correlación de forzas que se enfrontaban.
- Identifica os feitos que se producen durante os primeiros gobernos da monarquía (continuidade da ditadura e Lei de Reforma Política), situándoos no tempo
- Analiza a transcendencia da acción política da oposición ao réxime de Franco e a mobilización popular que tivo lugar durante a transición.
- Resume o proceso de redacción e aprobación da Constitución de 1978 e destaca os caracteres máis significativos da mesma.
- Elabora un esquema que recolla a organización política e a estrutura territorial resultante deseñadas pola Constitución.
- Sintetiza o proceso de promulgación do Estatuto de Autonomía galego e resume os cambios que supuxo a nivel institucional.
- Enumera os principais problemas aos que se tivo que enfrontar o proceso de democratización. Explica as medidas que tomaron os gobernos de UCD para intentar solucionarlos e os resultados acadados.
- Describe as características da xestión dos Gobernos socialistas e populares: política económica, reformas sociais e institucionais, relacións coa oposición e os sindicatos, problemas máis importantes...
- Caracteriza a política internacional española na época da Transición. Analiza o proceso de integración nas institucións internacionais, fundamentalmente na Unión Europea.

A presente programación foi aprobada polos membros do Departamento na súa reunión ordinaria do martes 20 de setembro de 2022.

Os membros do departamento:

Asdo.: Enrique Carmona Filgueira

Asdo.: Fernández Corral, María del Mar.

Asdo.: González López, Pablo.

Asdo.: Monroy González Eduardo, xefe do Departamento.

A Coruña, 20 de setembro de 2022.